Por ese motivo e para dar continuidade ao seguimento da inserción laboral das novas promocións incorporadas ao mercado de traballo, en decembro de 2018 o Observatorio solicitou ao Equipo de Goberno da UVigo que implantase, no momento en que os recién titulados solicitasen o título, un documento de consentimento para formar parte da Base de Datos do Observatorio. En consecuencia, a Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade<sup>2</sup> implementou un Documento de Consentimento Explícito destinado aos recém titulados para que, no momento de solicitar o título académico, cedesen os seus datos de contacto tanto de forma presencial como telemática.

A 11-12 de maio de 2021 a Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade remitía ao Observatorio o listado de 7838 antigos estudantes das promocións de 2018/2019 e 2019/2020 que deran o seu consentimento a formar parte da súa Base de Datos.

A disposición de información actualizada sobre a inserción laboral das persoas tituladas da UVigo permitirá que a institución poda dar resposta aos requirimentos sobre empregabilidade das diferentes clasificacións universitarias nacionais e internacionais, quer a nivel global, quer por tipoloxía de estudos, quer por titulacións.

---

<sup>2</sup> Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria entre 2018-2022.



## Obxectivos

A seguir son definidos o obxectivo principal e específicos deste estudo elaborado polo Observatorio de Persoas Tituladas coa colaboración do Consello Social da UVigo a partir da análise dos resultados da enquisa autoaplicada sobre a inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de grao no curso académico 2019/2020.

### 1. Obxectivo principal

O obxectivo principal deste estudo consiste na obtención de información actualizada, fiable e útil sobre a inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de grao na promoción 2019/2020 e coñecer as condicións laborais no traballo actual. Alén diso, tamén se inquiriu pola situación socio-laboral aos doce meses de finalizar os estudos na UVigo.

### 2. Obxectivos específicos

- Analizar os resultados obtidos na enquisa sobre o perfil persoal e académico, situación socio-laboral en función das seguintes variábeis de segmentación:
  - Sexo
  - Lugar de residencia
  - Ramas de coñecemento
  - Estudos de grao
- Determinar as condicións laborais no traballo actual atendendo ás seguintes variábeis de segmentación:
  - Lugar do traballo: Galicia, outra comunidade autónoma e resto do mundo
  - Rama de actividade: empresa privada, ámbito público e entidades sen ánimo de lucro
  - Sector económico: actividades físico/deportivas, actividades inmobiliarias, actividades profesionais (avogacía, tradutor/a, artista...), aeroespacial, alimentación/industria alimentar, automoción; banca, servizos financeiros e seguros, comercio<sup>3</sup>, construción, consultoría, cultura e entretemento, defensa e seguranza, enerxía e utilities, ensino/docencia, enxeñaría, farmacéutico; industria química, plástico, vidro e envases, investigación/actividades científicas; loxística, transporte e distribución, madeira, medios de comunicación/audiovisuais, metalurxia e eléctrico, minaría; papel, gráficas, edición e reprodución, sanitario/saúde, sector primario<sup>4</sup>, servizos a empresas,

---

<sup>3</sup> Inclúe comercio grosista e retalista.

<sup>4</sup> Agricultura, gandería, caza e pesca.

servizos da Administración Pública, servizos informáticos, servizos sociais/outras actividades sociais, telecomunicacións/IT, téxtil e confección, turismo e restauración/Horeca e xestión ambiental

- Área funcional de traballo ou departamento: administración e finanzas, atención ao cliente/usuario, calidade, compras, dirección xeral, enxeñaría e construción, formación e ensino, I+D+i, informática e tecnoloxía, loxística e almacén, sen áreas funcionais diferenciadas no seo da empresa/entidade, prevención e saúde, produción, recursos humanos, servizos, vendas/marketing e xestión de proxectos
- Categoría profesional: directivo/a, mando intermedio, técnico/a cualificado/a e empregado/a non cualificado/a
- Tamaño da empresa/entidade: empresa individual<sup>5</sup>, microempresa, pequena empresa, mediana empresa e grande empresa
- A percepción das persoas tituladas sobre o emprego actual e a súa relación cos estudos realizados na UVigo
  - Grao de satisfacción global co emprego
  - Adecuación temática entre emprego e estudos realizados
  - Sobrecualificación
- Medición da satisfacción das persoas tituladas cos estudos oficiais de grao da UVigo no curso 2019/2020
  - Satisfacción global cos estudos de grao realizados, coas competencias adquiridas e sobre se recomendaría a realización destes estudos
  - Satisfacción coa empregabilidade e inserción laboral relativamente á capacitación para desenvolver a carreira profesional, a súa contribución á inserción laboral e a mellora do nivel socio-laboral.
- Comparativa de resultados co estudo precedente (curso 2018/2019), o que permite analizar a evolución dos resultados nos principais factores relacionados coa empregabilidade destas dúas promocións avaliadas de forma particular.
- Manter unha comunicación coas promocións recentes do antigo alumnado da UVigo de cara a actualizar e ampliar a Base de Datos do Observatorio coa información máis recente nos ámbitos académico e profesional das persoas tituladas.
- Analizar de forma específica a situación do mercado de traballo e da empregabilidade das persoas tituladas nunha promoción que se inseriu no mercado

---

<sup>5</sup> Autoemprego ou traballador/a autónomo/a sen empregados.

de traballo nun ano, 2020, marcado por unha crise sanitaria con repercusións económicas e sociais derivadas da pandemia de Covid-19.

A análise destas dimensións permite obter unha radiografía do perfil das persoas tituladas, incidindo en aspectos relevantes como a traxectoria académica, o acceso ao mercado de traballo e a situación socio-laboral actual.



## Metodoloxía

Esta parte do estudo detalla os pasos implementados para a elaboración deste informe sobre a inserción laboral das persoas tituladas en estudos de grao no curso académico 2019/2020 relativamente ao proceso metodolóxico, estrutura do cuestionario aplicado, definición da poboación e mostra, ben como a ficha técnica.

### 1. Proceso metodolóxico

#### 1.1 Elaboración do cuestionario

O cuestionario aplicado neste estudo non é diferente do empregado no estudo de inserción laboral realizado polo Observatorio de Persoas Tituladas ás persoas tituladas da UVigo en estudos de grao no curso 2018/2019.

Así sendo, a referencia bibliográfica alicérase, con adaptacións, nos cuestionarios aplicados tanto no “Estudo sobre a situación profesional das persoas tituladas da UVigo (1990-2015)” como nos tres traballos de seguimento do impacto laboral da pandemia de Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo. Alén diso, tamén foron levadas en conta enquisas semellantes aplicadas por outras institucións, entidades e organizacións, nomeadamente a ACSUG<sup>6</sup>. Relativamente á medición da satisfacción global cos estudos de grao, empregabilidade e inserción laboral foi aplicado o cuestionario aprobado pola Comisión de Calidade de Eido para a medición da satisfacción dos programas de doutoramento da UVigo. Todos os ítems do cuestionario aplicado pódense consultar no Anexo I.

Unha vez deseñado, o cuestionario autoaplicado, realizado a partir da tecnoloxía de Microsoft Forms, un servizo de O365 AI para educación coa licenza correspondente asignada pola UVigo, foi distribuído por correo electrónico entre os graduados/as da UVigo no curso 2019/2020 que deran o seu consentimento explícito para formar parte da Base de Datos do Observatorio. O formulario foi inserido na Web institucional do Observatorio o 4 de outubro de 2022<sup>7</sup>.

#### 1.2 Definición da poboación

Durante o curso académico de 2019/2020 a UVigo emitiu un total de 2872 títulos de grao a 2788 persoas segundo a distribución por titulacións e centros que mostra o Cadro n°1.

O Cadro n°1 mostra, para cada titulación, centro e campus o número de persoas tituladas en estudos de grao no curso académico 2019/2020.

*Cadro n°1. Persoas tituladas da UVigo no curso 2019/2020*

Grao	Centro	Persoas tituladas
<b>Administración e Dirección de Empresas</b>	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	74
<b>Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos</b>	Facultade de Ciencias	16
<b>Ciencias Ambientais</b>	Facultade de Ciencias	22
<b>Dereito</b>	Facultade de Dereito	48
<b>Educación Infantil</b>	Facultade de Educación e Traballo Social	107
<b>Educación Primaria</b>	Facultade de Educación e Traballo Social	90

<sup>6</sup> Cuestionarios aplicados no “Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia. 2011-2012” (EIL1112), ben como o EIL 1213 e EIL1314.

<sup>7</sup> <http://observatorio.uvigo.gal/enquisas-de-insercion-laboral-curso-2019/2020/>

<b>Educación Social</b>	Facultade de Educación e Traballo Social	82
<b>Enfermaría</b>	Escola Universitaria de Enfermaría de Ourense	50
<b>Enxeñaría Aeroespacial</b>	Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo	23
<b>Enxeñaría Agraria</b>	Facultade de Ciencias	20
<b>Enxeñaría Informática</b>	Escola Superior de Enxeñaría Informática	91
<b>PCEO Administración e Dirección de Empresas/Dereito</b>	Facultade de Dereito	9
<b>PCEO Administración e Dirección de Empresas/Enxeñaría Informática</b>	Escola Superior de Enxeñaría Informática	4
<b>Traballo Social</b>	Facultade de Educación e Traballo Social	70
<b>Turismo</b>	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	53
<b>Xeografía e Historia</b>	Facultade de Historia	15
<b>Belas Artes</b>	Facultade de Belas Artes	107
<b>Ciencias da Actividade Física e do Deporte</b>	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	85
<b>Comunicación Audiovisual</b>	Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación	52
<b>Dirección e Xestión Pública</b>	Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación	22
<b>Educación Infantil</b>	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	97
<b>Educación Primaria</b>	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	92
<b>Enfermaría</b>	Escola Universitaria de Enfermaría da Deputación Provincial de Pontevedra	37
<b>Enxeñaría Forestal</b>	Escola de Enxeñaría Forestal	26
<b>Enxeñaría Mecánica</b>	Centro Universitario da Defensa da Escola Naval Militar de Marín	62
<b>Fisioterapia</b>	Facultade de Fisioterapia	62
<b>Publicidade e Relacións Públicas</b>	Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación	90
<b>Administración e Dirección de Empresas</b>	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	144
<b>Administración e Dirección de Empresas</b>	Instituto de Educación Superior Intercontinental da Empresa (IESIDE)	43
<b>Bioloxía</b>	Facultade de Bioloxía	64
<b>Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios</b>	Facultade de Filoloxía e Tradución	12
<b>Ciencias do Mar</b>	Facultade de Ciencias do Mar	39
<b>Comercio</b>	Escola Universitaria de Estudos Empresariais	32
<b>Dereito</b>	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	82
<b>Economía</b>	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	43
<b>Educación Infantil</b>	Escola Universitaria de Profesorado de EXB	33
<b>Educación Primaria</b>	Escola Universitaria de Profesorado de EXB	53
<b>Enfermaría</b>	Escola Universitaria de Enfermaría Meixoeiro	42
<b>Enfermaría</b>	Escola Universitaria de Enfermaría Povisa	63
<b>Enxeñaría da Enerxía</b>	Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	23
<b>Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación</b>	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	77
<b>Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos</b>	Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	10
<b>Enxeñaría Eléctrica</b>	Escola de Enxeñaría Industrial	21
<b>Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática</b>	Escola de Enxeñaría Industrial	66
<b>Enxeñaría en Organización Industrial</b>	Escola de Enxeñaría Industrial	56

<b>Enxeñaría en Química Industrial</b>	Escola de Enxeñaría Industrial	16
<b>Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais</b>	Escola de Enxeñaría Industrial	47
<b>Enxeñaría Mecánica</b>	Escola de Enxeñaría Industrial	115
<b>Estudos de Galego e Español</b>	Facultade de Filoloxía e Tradución	4
<b>Linguas Estranxeiras</b>	Facultade de Filoloxía e Tradución	32
<b>PCEO Administración e Dirección de Empresas/Dereito</b>	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	29
<b>Química</b>	Facultade de Química	35
<b>Relacións Laborais e Recursos Humanos</b>	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	73
<b>Tradución e Interpretación</b>	Facultade de Filoloxía e Tradución	116

Porén, os destinatarios da enquisa autoaplicada non foron todas as persoas tituladas referidas no Cadro nº1, senón os contactos que previamente deran o seu consentimento explícito para formar parte da Base de Datos do Observatorio de Persoas Tituladas da UVigo.

*Cadro nº2. Persoas tituladas en estudos de grao no curso 2019/2020 rexistradas na Base de Datos do Observatorio*

<b>Titulación</b>	<b>Centro</b>	<b>Persoas tituladas</b>
<b>Ourense</b>		
<b>Administración e Dirección de Empresas</b>	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	64
<b>Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos</b>	Facultade de Ciencias	15
<b>Ciencias Ambientais</b>	Facultade de Ciencias	22
<b>Dereito</b>	Facultade de Dereito	42
<b>Educación Infantil</b>	Facultade de Educación e Traballo Social	110
<b>Educación Primaria</b>	Facultade de Educación e Traballo Social	91
<b>Educación Social</b>	Facultade de Educación e Traballo Social	82
<b>Enfermaría</b>	Escola Universitaria de Enfermaría de Ourense	50
<b>Enxeñaría Aeroespacial</b>	Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo	23
<b>Enxeñaría Agraria</b>	Facultade de Ciencias	20
<b>Enxeñaría Informática</b>	Escola Superior de Enxeñaría Informática	91
<b>Traballo Social</b>	Facultade de Educación e Traballo Social	70
<b>Turismo</b>	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	54
<b>Xeografía e Historia</b>	Facultade de Historia	16
<b>PCEO Administración e Dirección de Empresas/Dereito</b>	Facultade de Dereito	9
<b>PCEO Administración e Dirección de Empresas/Enxeñaría Informática</b>	Escola Superior de Enxeñaría Informática	4
<b>Pontevedra</b>		
<b>Belas Artes</b>	Facultade de Belas Artes	113
<b>Ciencias da Actividade Física e do Deporte</b>	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	85
<b>Comunicación Audiovisual</b>	Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación	54
<b>Dirección e Xestión Pública</b>	Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación	22
<b>Educación Infantil</b>	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	98
<b>Educación Primaria</b>	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	94
<b>Enfermaría</b>	Escola Universitaria de Enfermaría da Deputación Provincial de Pontevedra	37
<b>Enxeñaría Forestal</b>	Escola de Enxeñaría Forestal	26

<b>Enxeñaría Mecánica</b>	Centro Universitario da Defensa da Escola Naval Militar de Marín	62
<b>Fisioterapia</b>	Facultade de Fisioterapia	62
<b>Publicidade e Relacións Públicas</b>	Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación	90
<b>Vigo</b>		
<b>Administración e Dirección de Empresas</b>	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	115
<b>Administración e Dirección de Empresas</b>	Instituto de Educación Superior Intercontinental da Empresa (IESIDE)	43
<b>Bioloxía</b>	Facultade de Bioloxía	66
<b>Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios</b>	Facultade de Filoloxía e Tradución	12
<b>Ciencias do Mar</b>	Facultade de Ciencias do Mar	39
<b>Comercio</b>	Escola Universitaria de Estudos Empresariais	33
<b>Dereito</b>	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	53
<b>Economía</b>	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	44
<b>Educación Infantil</b>	Escola Universitaria de Profesorado de EXB	34
<b>Educación Primaria</b>	Escola Universitaria de Profesorado de EXB	53
<b>Enfermaría</b>	Escola Universitaria de Enfermaría Meixoeiro	42
<b>Enfermaría</b>	Escola Universitaria de Enfermaría Povisa	63
<b>Enxeñaría da Enerxía</b>	Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	23
<b>Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación</b>	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	77
<b>Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos</b>	Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	10
<b>Enxeñaría Eléctrica</b>	Escola de Enxeñaría Industrial	27
<b>Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática</b>	Escola de Enxeñaría Industrial	77
<b>Enxeñaría en Organización Industrial</b>	Escola de Enxeñaría Industrial	60
<b>Enxeñaría en Química Industrial</b>	Escola de Enxeñaría Industrial	17
<b>Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais</b>	Escola de Enxeñaría Industrial	55
<b>Enxeñaría Mecánica</b>	Escola de Enxeñaría Industrial	136
<b>Estudos de Galego e Español</b>	Facultade de Filoloxía e Tradución	7
<b>Linguas Estranxeiras</b>	Facultade de Filoloxía e Tradución	32
<b>Química</b>	Facultade de Química	36
<b>Relacións Laborais e Recursos Humanos</b>	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	74
<b>Tradución e Interpretación</b>	Facultade de Filoloxía e Tradución	125
<b>PCEO Administración e Dirección de Empresas/Dereito</b>	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	29

### 1.3 Difusión do cuestionario

O cuestionario aplicado foi difundido por varias vías:

A principal, a través dun mailing masivo aos enderezos de correo electrónico dos graduados/as no curso académico 2019/2020 rexistrados na Base de Datos do Observatorio recibidos da Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade da UVigo.

O corpo da mensaxe de correo electrónico en que se solicitaba a colaboración con esta iniciativa contiña un texto de presentación (ver Anexo 2) asinado polo director do Observatorio, no que se expuñan os obxectivos deste estudo e se encoraxaba a participar nesta iniciativa do Observatorio. As mensaxes enviadas incluían a ligazón de acceso ao cuestionario. De acceso simple e directo, unha vez preenchido, a información recibida era transferida instantaneamente para unha folla de cálculo de acceso restrinxido ao persoal técnico de apoio do Observatorio.



Outra vía de difusión foron os medios telemáticos cos que conta o Observatorio, a Páxina Web, onde se habilitou unha entrada específica<sup>8</sup>, e as nosas Redes Sociais, nomeadamente a Páxina de LinkedIn<sup>9</sup> e o Canal de Youtube<sup>10</sup>, onde foi creada a lista de reprodución “Inserción laboral 2019/2020”.

Para facilitar a participación na enquisa foi elaborado un vídeo-guía<sup>11</sup> para acceder de antemán, e en menos de tres minutos, ás preguntas do formulario aplicado.

Para que a taxa de resposta fose o máis alta posíbel, foron enviadas periodicamente mensaxes por correo electrónico a fin de lembrar a importancia da participación no estudo. Así sendo, para alén do envío inicial<sup>12</sup>, fixéronse dúas reiteracións<sup>13</sup>, excluindo de cada unha delas as persoas que responderan a enquisa. De xeito excepcional foi preciso realizar unha terceira reiteración<sup>14</sup> a fin de mellorar a taxa de resposta das titulacións en que se valorou que non estaban garantidos uns mínimos de representatividade.

O envío dos correos electrónicos viuse condicionado pola limitación a 50 mensaxes/envío de cada conta de e-mail adscrita ao dominio uvigo.gal, podéndose facer apenas oito envíos a cada 12 horas (400 mensaxes). Deste modo, a capacidade de envío de cada conta de correo electrónico estaba limitada a 800 mensaxes/día. As tres contas dispoñíbeis permitiron alcanzar unha capacidade máxima de 2.400 mensaxes/día.

#### 1.4 Recolla e procesamento de datos

As respostas recollidas instantaneamente foron incorporadas a unha base de datos, sendo revisadas<sup>15</sup> e codificadas para seren traducidas en indicacións cifradas que facilitasen as clasificacións e posterior tratamento informático.

A fin de garantir o anonimato dos participantes pola primeira vez no formulario aplicado non se solicitou a indicación de datos persoais<sup>16</sup>, senón un código de verificación consistente nos dous primeiros e últimos e letra final dos números de identidade e, de forma opcional, a conta de correo electrónico. Para asegurar o principio da absoluta confidencialidade no tratamento estatístico dos datos, como comprometido na solicitude de colaboración, as respostas da enquisa foron desvinculadas das contas de correo electrónico recibidas e do código de verificación asignado.

Posteriormente, a análise estatística dos datos foi realizada coa versión 24 do programa IBM SPSS Statistics, o que permitiu a análise de frecuencias e de tabelas cruzadas (proba chi-cuadrado) para determinar a existencia de relacións de significancia ou dependencia estatística. Esta proba compara a distribución observada dos datos coa esperada dos mesmos, o que permite determinar se unha variábel está asociada a outra ou se o valor observado dunha variábel depende doutra.

<sup>8</sup> <http://observatorio.uvigo.gal/enquisas-de-insercion-laboral-curso-2019-2020/>

<sup>9</sup> <https://www.linkedin.com/company/observatorio-uvigo>

<sup>10</sup> [https://www.youtube.com/watch?v=DeHHA-uUlbo&list=PLpjfPvJRto4u9xk1euA4OJ\\_U12qD7scBf](https://www.youtube.com/watch?v=DeHHA-uUlbo&list=PLpjfPvJRto4u9xk1euA4OJ_U12qD7scBf)

<sup>11</sup> <https://www.youtube.com/watch?v=GOCQxm2W8KA>

<sup>12</sup> 5/10/2022

<sup>13</sup> 17/10/2022 (primeira reiteración) e 24/10/2022 (segunda reiteración).

<sup>14</sup> 2/11/2022 (terceira reiteración).

<sup>15</sup> Levouse a cabo a depuración dos datos recollidos, consistente no tratamento dos datos perdidos e a análise dos valores atípicos.

<sup>16</sup> Nomeadamente nome e apelidos do suxeito.

## 2. Estrutura do cuestionario

O cuestionario autoaplicado empregado neste estudo estaba estruturado en seis grandes bloques: información introdutoria, situación actual, características do emprego actual, valoración do emprego actual, satisfacción co itinerario académico e coa inserción laboral e situación un ano após acabar os estudos de grao na UVigo no curso 2019/2020.

### 2.1 Información introdutoria

O bloque 1 incorpora unha serie de datos de tipo persoal e académico do suxeito inquirido. Alén diso, a fin de actualizar a información de contacto da Base de Datos do Observatorio, solicitouse que as persoas inquiridas que así o desexaren facilitasen o seu enderezo de correo electrónico.

### 2.2 Informacións sobre a situación actual

O bloque 2 incorpora todas as informacións sobre a situación socio-laboral das persoas graduadas no curso 2019/2020 no momento de responder a enquisa. Aliás, recóllense as informacións máis relevantes relativas ao emprego como son o réxime de traballo (ou modalidade de contratación), tipo de contrato e de xornada, ben como a permanencia na situación socio-laboral actual.

### 2.3 Características do emprego actual

Para aquelas persoas que traballaban no momento de responder a enquisa no bloque 3 inquiriuse polo lugar do traballo e diversos aspectos sobre o emprego como a rama de actividade, sector económico, categoría profesional, área funcional de traballo/departamento e tamaño da empresa/entidade, elementos que serven para determinar o perfil profesional.

### 2.4 Valoración do emprego actual

A valoración do emprego actual abórdase a partir da relación existente entre o posto de traballo e os estudos de grao realizados na UVigo, a relación entre as exixencias do emprego actual e o nivel académico adquirido nos estudos de grao realizados na UVigo e a satisfacción global co emprego actual.

### 2.5 Satisfacción co itinerario académico e coa inserción laboral

No bloque 5 todos os suxeitos da mostra valoraron, cunha escala de satisfacción do 1 (moi insatisfeito/a) a 5 (moi satisfeito/a), aspectos relativos aos estudos de grao realizados na UVigo no curso 2019/2020 tanto do punto de vista académico (valoración global do grao, competencias adquiridas e recomendación) como da inserción laboral (capacitación profesional, inserción laboral e nivel socio-laboral).

### 2.6 Situación un ano após acabar os estudos na UVigo no curso 2019/2020

O sexto e último bloque inquiriu sobre a situación socio-laboral ao cabo de doce meses de completados os estudos de grao realizados no curso 2019/2020 en aspectos como o réxime do traballo, lugar do traballo e tipo de xornada.

### 2.7 Pregunta aberta

Finalmente, deuse a posibilidade de as persoas inquiridas poderen expresar de maneira libre os seus comentarios sobre os aspectos ligados á enquisa e que non foran recollidos no cuestionario aplicado.

### 2.8 Esquema do cuestionario

O Cadro nº3 mostra, de forma esquemática, a estrutura do formulario autoaplicado.

Cadro nº3. Estrutura do formulario autoaplicado

<b>Bloques temáticos</b>	<b>Variábeis</b>
<b>Datos persoais e académicos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lugar de residencia actual</li> <li>- Título de grao obtido na UVigo no curso 2019/2020</li> <li>- Campus universitario</li> <li>- Titulación adicional</li> <li>- Estudos de mestrado realizados</li> <li>- Estudos de doutoramento realizados</li> </ul>
<b>Situación socio-laboral actual</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Situación socio-laboral no momento actual</li> <li>- Modalidade de contratación</li> <li>- Tipo de contrato</li> <li>- Tipo de xornada</li> <li>- Tempo na situación actual</li> </ul>
<b>Características do emprego actual</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lugar do traballo</li> <li>- Rama de actividade</li> <li>- Sector económico</li> <li>- Área funcional de traballo</li> <li>- Categoría profesional</li> <li>- Tamaño da empresa/entidade</li> </ul>
<b>Valoración do emprego actual</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Satisfacción global co emprego actual</li> <li>- Adecuación temática</li> <li>- Sobrecualificación</li> </ul>
<b>Satisfacción coa empregabilidade</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolvemento da carreira profesional</li> <li>- Melloría da inserción laboral</li> <li>- Melloría do nivel socio-laboral</li> </ul>
<b>Satisfacción cos estudos realizados</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Satisfacción global cos estudos de grao</li> <li>- Competencias adquiridas</li> <li>- Recomendación</li> </ul>
<b>Situación socio-laboral 12 meses após graduarse</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Situación socio-laboral ao cabo dun ano de graduarse</li> <li>- Modalidade de contratación</li> <li>- Tipo de xornada</li> <li>- Lugar do traballo</li> </ul>
<b>Pregunta aberta para deixar comentarios</b>	
<b>Datos persoais de contacto</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- E-mail de contacto actualizado (opcional)</li> </ul>

### 3. Poboación e mostra

Os seguintes cadros mostran diferentes datos sobre a configuración da poboación obxecto deste estudo e a mostra finalmente recollida.

#### 3.1 Persoas

Dun total de 2872 persoas tituladas no curso 2019/2020, recolléronse un total de 738 respostas válidas correspondentes a persoas tituladas en estudos de grao da UVigo en dito curso académico.

#### 3.2 Sexo

A mostra obtida de persoas inquiridas, en consonancia coa distribución porcentual da poboación, está composta por un 59,5% de mulleres e un 40,5% de homes.

*Cadro nº4. Tamaño da poboación e mostra segundo o sexo*

	Poboación	Mostra
Home	1212	299
Muller	1660	439

*Cadro nº5. Distribución porcentual da poboación e mostra segundo o sexo*

	Poboación	Mostra
Home	42,2	40,5
Muller	57,8	59,5

#### 3.3 Campus universitario

A mostra obtida distribúese, consoante a poboación, segundo a seguinte secuencia: Vigo (51,4%), Ourense (26,7%) e Pontevedra (22,0%).

*Cadro nº6. Tamaño da poboación e mostra segundo o campus universitario*

	Poboación	Mostra
Ourense	770	197
Pontevedra <sup>17</sup>	732	162
Vigo	1370	379

*Cadro nº7. Distribución porcentual da poboación e mostra segundo o campus universitario*

	Poboación	Mostra
Ourense	26,8	26,7
Pontevedra	25,5	22,0
Vigo	47,7	51,4

#### 3.4 Ramas de coñecemento

A selección da mostra realizouse consoante un procedemento aleatorio estratificado, sendo a variábel de estratificación a porcentaxe de persoas tituladas no curso académico 2019/2020 en cada unha das cinco ramas de coñecemento<sup>18</sup>: Artes e Humanidades, Ciencias da Saúde, Científica, Enxeñaría e Arquitectura ou Tecnolóxica e Ciencias Sociais e Xurídicas ou Xurídico-Social.

O Cadro nº8 detalla o tamaño da poboación e mostra obtida de persoas tituladas da UVigo durante o curso académico 2019/2020 para cada ámbito académico.

<sup>17</sup> Inclúe Centro Universitario da Defensa (CUD) da Escola Naval Militar (ENM) de Marín .

<sup>18</sup> Definidas polo Ministerio de Educación e Cultura (MEC).

Cadro nº8. Tamaño da poboación e mostra segundo a rama de coñecemento

	Poboación	Mostra
Artes e Humanidades	286	81
Ciencias da Saúde	254	50
Científica	176	69
Tecnolóxica	653	199
Xurídico-Social	1503	339

O Cadro nº9 mostra a distribución porcentual da poboación e mostra por ámbitos académicos.

Cadro nº9. Distribución porcentual da poboación e mostra segundo a rama de coñecemento

	% Poboación	% Mostra
Artes e Humanidades	9,96	10,98
Ciencias da Saúde	8,84	6,78
Científica	6,13	9,35
Tecnolóxica	22,74	26,96
Xurídico-Social	52,33	45,93

Ao igual que noutros traballos de inserción laboral publicados con anterioridade polo Observatorio de Persoas Tituladas, tamén se consideraron as seguintes categorías das ramas de Artes e Humanidades e Xurídico-Social:

- Artes e Humanidades I: Arte, expresión artística, xeografía e historia
- Artes e Humanidades II: Idiomas modernos, lingüística e literatura
- Xurídico-Social I: Ciencias económicas e empresariais
- Xurídico-Social II: Ciencias xurídicas, do traballo e da administración
- Xurídico-Social III: Ciencias da educación, actividade física e deporte e en traballo social
- Xurídico-Social IV: Ciencias da comunicación e turismo

Os graos correspondentes a cada unha das ramas neste estudo pódense consultar no Anexo 3.

Cadro nº10. Tamaño da poboación e mostra segundo a rama de coñecemento

	Poboación	Mostra
Artes e Humanidades I	122	30
Artes e Humanidades II	164	51
Ciencias da Saúde	254	50
Científica	176	69
Tecnolóxica	653	199
Xurídico-Social I	336	76
Xurídico-Social II	263	53
Xurídico-Social III	709	157
Xurídico-Social IV	195	53

Cadro nº11. Distribución porcentual da poboación e mostra segundo a rama de coñecemento

	% Poboación	% Mostra
Artes e Humanidades I	4,25	4,07
Artes e Humanidades II	5,71	6,91
Ciencias da Saúde	8,84	6,78

Científica	6,13	9,35
Tecnolóxica	22,74	26,96
Xurídico-Social I	11,70	10,30
Xurídico-Social II	9,16	7,18
Xurídico-Social III	24,69	21,27
Xurídico-Social IV	6,79	7,18

Na mostra obtida predominan as persoas tituladas en graos do ámbito Xurídico-Social (45,9%). En segundo lugar, cunha porcentaxe inferior, mais tamén importante, están as respostas dos titulados/as do ámbito Tecnolóxico (27,0%) seguidos polas titulacións do ámbito de Artes e Humanidades (11,0%) e Científico (9,4%). Finalmente, cunha porcentaxe reducida, áchanse os estudos do ámbito de Ciencias da Saúde (6,8%).

### 3.5 Estudos de grao

Este apartado mostra a proporción de persoas tituladas en estudos de grao existente na poboación e na mostra obtida durante o curso 2019/2020.

Cadro nº12. Distribución porcentual da poboación e mostra segundo os estudos de grao

	% Poboación	% Mostra
Administración e Dirección de Empresas	9,09	5,69
Belas Artes	3,73	3,52
Bioloxía	2,23	2,30
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	0,56	1,22
Ciencias Ambientais	0,77	1,49
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	2,96	2,57
Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	0,42	0,54
Ciencias do Mar	1,36	2,57
Comercio	1,11	1,49
Comunicación Audiovisual	1,81	2,30
Dereito	4,53	2,71
Dirección e Xestión Pública	0,77	0,95
Economía	1,50	1,90
Educación Infantil	8,25	6,91
Educación Primaria	8,18	6,78
Educación Social	2,86	3,12
Enfermaría	6,69	5,15
Enxeñaría Aeroespacial	0,80	2,17
Enxeñaría Agraria	0,70	0,68
Enxeñaría da Enerxía	0,80	2,03
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	2,68	3,93
Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	0,35	0,81
Enxeñaría Eléctrica	0,73	0,54
Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	2,30	3,12
Enxeñaría en Organización Industrial	1,95	1,49
Enxeñaría en Química Industrial	0,56	0,54
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	1,64	2,30
Enxeñaría Forestal	0,91	1,49
Enxeñaría Informática	3,03	2,85
Enxeñaría Mecánica	6,16	4,74
Estudos de Galego e Español	0,14	0,14
Fisioterapia	2,16	1,63
Linguas Estranxeiras	1,11	1,22
PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito	1,32	1,76

<b>PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Enxeñaría Informática</b>	0,14	0,27
<b>Publicidade e Relacións Públicas</b>	3,13	3,25
<b>Química</b>	1,22	1,76
<b>Relacións Laborais e Recursos Humanos</b>	2,54	2,98
<b>Traballo Social</b>	2,44	1,90
<b>Tradución e Interpretación</b>	4,04	5,01
<b>Turismo</b>	1,85	1,63
<b>Xeografía e Historia</b>	0,52	0,54

#### 4. Ficha Técnica

Ámbito do estudo: Universidade de Vigo. A poboación de interese non se pode encadrar nun ámbito xeográfico concreto, dado que as persoas tituladas desta institución académica no curso académico 2019/2020 non son necesariamente residentes nunha zona específica.

Poboación: Persoas tituladas que finalizaron os seus estudos universitarios na Universidade de Vigo e obtiveron o título de grao no curso académico 2019/2020.

Mostra recollida: 738 cuestionarios.

Estratificación: Para o total da mostra leváronse en conta as variábeis de segmentación sexo, lugar de residencia, campus (se proceder), ámbitos académicos e grao obtido. Para as persoas que traballaban no momento de responder a enquisa a estratificación aplicouse á modalidade de contratación e tipo de contrato, lugar do traballo, rama de actividade, sector económico, área funcional de traballo (departamento), categoría profesional e tamaño da empresa/entidade.

Procedemento de recolla da información: As enquisas foron remitidas por correo electrónico a unha lista de persoas tituladas da UVigo que deran o seu consentimento explícito para formar parte da Base de Datos do Observatorio no momento de solicitar o seu título. O cuestionario tamén foi difundido en redes sociais propias, captándose os datos nun formulario aloxado na Web do Observatorio de Persoas Tituladas.

Erro: Para un nivel de confianza de 95%, e  $p=q$ , o erro real é de  $\pm 3,087\%$  para o conxunto da mostra e supondo mostraxe aleatoria simples<sup>19</sup>.

Datas de realización: De 5 de outubro a 10 de novembro de 2022.

<sup>19</sup> Baixo as mesmas hipóteses, a seguir reflíctese a distribución de erros mostrais por rama coñecemento: Artes e Humanidades (0,09235), Artes e Humanidades I (0,15601), Artes e Humanidades II (0,11426), Ciencias da Saúde (0,12445), Científica (0,09225), Tecnolóxica (0,05797), Xurídico-Social (0,04686), Xurídico-Social I (0,09903), Xurídico-Social II (0,12051), Xurídico-Social III (0,06906) e Xurídico-Social IV (0,11517).





## 1. Datos persoais

### 1.1 Sexo

A porcentaxe de mulleres tituladas en estudos de grao durante o curso 2019/2020 é, como mostra o Cadro nº5, superior á dos homes (59,5% contra 40,5%).

### 1.2 Lugar de residencia actual

A maioría de persoas tituladas (83,9%) residía en Galicia na altura de responder a enquisa contra outras comunidades autónomas (11,9%) e o resto do mundo (4,2%).

Por sexos, tal como mostra o Cadro nº13, son idénticas as taxas de emigración<sup>20</sup> masculina (16,0%) e feminina (16,2%).


Cadro nº13. Lugar de residencia actual

	%	Home	Muller
<b>Galicia</b>	83,9	83,9	83,8
<b>Outra comunidade autónoma</b>	11,9	11,7	12,1
<b>Resto do mundo</b>	4,2	4,3	4,1

#### 1.2.1 Persoas tituladas residentes en Galicia

##### 1.2.1.1 Provincias

A maioría (64,4%) reside na provincia de Pontevedra, seguido por Ourense (16,7%) e A Coruña (15,7%).




Mapa nº1. Persoas tituladas residentes en Galicia por provincias

<sup>20</sup> Persoas tituladas residentes fóra de Galicia.

### 1.2.1.2 Concellos

A mostra obtida distribúese actualmente en 93 concellos, mormente en Vigo (31,7%), seguido por Ourense (11,6%), Pontevedra (7,3%) e A Coruña (5,7%). A máis distancia destacan Santiago de Compostela (3,6%), Pontearreas (2,9%), Moaña (2,1%), Redondela (1,9%) e Cangas (1,8%).




Mapa n.º2. Persoas tituladas residentes en Galicia por concellos

[> Visualizar datos](#)

## 1.2.2 Persoas tituladas residentes noutras comunidades autónomas

### 1.2.2.1 Comunidades autónomas

Entre as 15 comunidades autónomas con presenza de graduados/as da UVigo destaca a Comunidade de Madrid (38,2%) seguida, a máis distancia, por Canarias (10,2%), Andalucía (9,0%), Cataluña (7,9%), ben como Castela e León, Principado de Asturias e Comunidade Valenciana (6,7% cada unha) e o País Basco (4,5%).




Mapa nº3. Persoas tituladas residentes noutras comunidades autónomas

> [Visualizar datos](#)

#### 1.2.2.2 Provincias

Das 23 provincias con presenza de graduados/as da UVigo destacan Madrid (38,2%) seguida, a máis distancia, por Barcelona e Asturias (6,7% ambas), As Palmas e Valencia (5,6% ambas), Biscaia, Santa Cruz de Tenerife e Valladolid (4,5% cada unha) e Sevilla (3,4%).




Mapa nº4. Persoas tituladas residentes noutras comunidades autónomas por provincias

> [Visualizar datos](#)

### 1.2.3 Persoas tituladas residentes no resto do mundo

Entre os 15 países con presenza de graduados/as da UVigo 13 son europeos, destacando Alemaña (25,8%) seguido, a máis distancia, polo Reino Unido (12,9%), EUA e Francia (9,7% ambos), ben como Dinamarca e Países Baixos (6,5% ambos).



Creado con Datawrapper

Mapa nº5. Persoas tituladas residentes no resto do mundo

> [Visualizar datos](#)

## 2 Datos académicos

### 2.1 Ramas de coñecemento

Destacan as persoas tituladas na rama Xurídico-Social (45,9%) e Tecnolóxica (27,0%), seguidas por Artes e Humanidades (11,0%), Científica (9,3%) e, a máis distancia, por Ciencias da Saúde (6,8%).

Cadro nº14. Persoas tituladas segundo a rama de coñecemento

	%	Home	Mujer
<b>Artes e Humanidades</b>	11,0	6,0	14,4
<b>Artes e Humanidades I</b>	4,1	3,3	4,6
<b>Artes e Humanidades II</b>	6,9	2,7	9,8
<b>Ciencias da Saúde</b>	6,8	4,7	8,2
<b>Científico</b>	9,3	8,0	10,3
<b>Tecnolóxico</b>	27,0	48,8	12,1
<b>Xurídico-Social</b>	45,9	32,4	55,1
<b>Xurídico-Social I</b>	10,3	9,7	8,7
<b>Xurídico-Social II</b>	7,2	7,0	9,3
<b>Xurídico-Social III</b>	21,3	11,7	27,8
<b>Xurídico-Social IV</b>	7,2	4,0	9,3

Por sexo, segundo mostra o Cadro nº14, a maioría de mulleres realizaron graos da rama Xurídico-Social (55,1%), seguido a máis distancia por titulacións de Artes e Humanidades (14,4%), Tecnolóxica (12,1%), Científica (10,3%) e de Ciencias da Saúde (8,2%). Polo contrario, entre os homes case metade graduouse en estudos da rama Tecnolóxica (48,8%), seguida pola Xurídico-Social (32,4%), situándose a máis distancia a Científica (8,0%), Artes e Humanidades (6,0%) e Ciencias da Saúde (4,7%). A presenza feminina é especialmente significativa nas ramas Xurídico-Social III (27,8% contra 11,7% de homes) e Xurídico-Social IV (9,3% contra 4,0%), ben como en Artes e Humanidades II (9,8% contra 2,7%).

Os resultados da distribución das ramas de coñecemento por sexo pódense consultar no Cadro nº15.

Cadro nº15. Distribución da rama de coñecemento por sexo

	Home	Muller
<b>Artes e Humanidades</b>	22,2	77,8
<b>Artes e Humanidades I</b>	33,3	66,7
<b>Artes e Humanidades II</b>	15,7	84,3
<b>Ciencias da Saúde</b>	28,0	72,0
<b>Científico</b>	34,8	65,2
<b>Tecnolóxico</b>	73,4	26,6
<b>Xurídico-Social</b>	28,6	71,4
<b>Xurídico-Social I</b>	43,3	56,7
<b>Xurídico-Social II</b>	33,9	66,1
<b>Xurídico-Social III</b>	22,3	77,7
<b>Xurídico-Social IV</b>	22,6	77,4

Salvo na Tecnolóxica, a única rama de coñecemento con sobrerrepresentación masculina de 73,4%, a porcentaxe de mulleres supera o 75% en Artes e Humanidades II (84,3%), Xurídico-Social III (77,7%) e Xurídico-Social IV (77,4%).

### 2.1.1 Rama de coñecemento segundo o lugar de residencia

A mobilidade xeográfica é máis frecuente entre os graduados/as da rama de Artes e Humanidades II (25,5%), Ciencias da Saúde (22,0%) e Tecnolóxica (21,1%) contra o mínimo na Xurídico-Social II (8,1%) e Xurídico-Social I (9,0%). Salvo en Artes e Humanidades II e Xurídico-Social II, a emigración noutra comunidade autónoma supera á destinada ao estranxeiro.

Cadro nº16. Lugar de residencia segundo a rama de coñecemento

	<b>Galicia</b>	<b>Outra comunidade autónoma</b>	<b>Resto do mundo</b>
<b>Artes e Humanidades</b>	76,5	12,3	11,1
<b>Artes e Humanidades I</b>	80,0	13,3	6,7
<b>Artes e Humanidades II</b>	74,5	11,8	13,7
<b>Ciencias da Saúde</b>	78,0	22,0	0,0
<b>Científico</b>	84,1	14,5	1,4
<b>Tecnolóxico</b>	78,9	15,6	5,5
<b>Xurídico-Social</b>	89,1	8,0	2,9
<b>Xurídico-Social I</b>	91,0	7,5	1,5
<b>Xurídico-Social II</b>	91,9	3,2	4,8
<b>Xurídico-Social III</b>	89,8	7,0	3,2
<b>Xurídico-Social IV</b>	81,1	17,0	1,9

## 2.2 Campus universitario

### 2.2.1 Resultados globais e por sexo

A maioría das persoas tituladas realizaron os seus estudos no Campus de Vigo (51,4%) contra o de Pontevedra (22,0%) e Ourense (26,7%). A maioría de homes (61,2%) graduouse en titulacións do campus de Vigo.

Cadro nº17. Persoas tituladas segundo o campus universitario

	%	Home	Mulleres
Ourense	26,7	22,4	29,6
Pontevedra	22,0	16,4	25,7
Vigo	51,4	61,2	44,6

Segundo mostra o Cadro nº18, mentres que en Vigo existe paridade de sexo, nos campus de Ourense e Pontevedra as mulleres están sobrerrepresentadas.

Cadro nº18. Distribución de sexo segundo o campus universitario

	Home	Mulleres
Ourense	34,0	66,0
Pontevedra	30,2	69,8
Vigo	48,3	51,7

### 2.2.2 Campus universitario segundo a rama de coñecemento

O ámbito Xurídico-Social é maioritario entre os graduados/as nos campus de Pontevedra (67,3%) e Ourense (59,9%). No Campus de Vigo predomina o Tecnolóxico (38,0%), seguido polo Xurídico-Social (29,6%) e Artes e Humanidades (13,5%). É significativa a maior presenza de graduados/as en Ciencias da Saúde no Campus de Pontevedra (9,9%).

Cadro nº19. Ramas de coñecemento segundo o campus universitario

	Ourense	Pontevedra	Vigo
Artes e Humanidades	2,0	16,0	13,5
Artes e Humanidades I	2,0	16,0	0,0
Artes e Humanidades II	0,0	0,0	13,5
Ciencias da Saúde	5,6	9,9	6,1
Científico	10,2	0,0	12,9
Tecnolóxico	22,3	6,8	38,0
Xurídico-Social	59,9	67,3	29,6
Xurídico-Social I	8,6	0,0	13,2
Xurídico-Social II	6,1	4,3	11,3
Xurídico-Social III	39,1	37,7	5,0
Xurídico-Social IV	6,1	25,3	0,0

## 2.3 Estudos de grao realizados

### 2.3.1 Resultados globais

Segundo mostra o Cadro nº12 os estudos con máis presenza na mostra obtida son os graos en Educación Infantil (6,9%) e en Educación Primaria (6,8%), Grao en Administración e Dirección e Empresas (5,7%), Enfermaría (5,1%), Tradución e Interpretación (5,0%), Enxeñaría Mecánica (4,7%) e Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (5,4%) e Belas Artes (5,3%).

Polo contrario, os estudos con menos presenza son o Grao en Estudos de Galego e Español (0,1%), PCEO en Administración e Dirección de Empresas/Enxeñaría Informática (0,3%), Ciencias a Linguaxe e Estudos Literarios, Enxeñaría Eléctrica, Enxeñaría en Química Industrial e en Xeografía e Historia (0,5% cada un), Enxeñaría Agraria (0,7%), Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (0,8%) e en Dirección e Xestión Pública (0,9%).

### 2.3.2 Análise por sexo

#### 2.3.2.1 Estudos de grao segundo o sexo

Entre as mulleres predominan as graduadas en Educación Infantil (11,2%), Educación Primaria (7,7%), Tradución e Interpretación (7,3%), Enfermaría (6,6%) e en Administración e Dirección de Empresas (5,5%). Polo contrario, entre os homes son máis frecuentes os estudos en Enxeñaría Mecánica (9,7%), Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (8,4%), Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática (6,7%), Administración e Dirección de Empresas (6,0%), Educación Primaria (5,4%) e en Enxeñaría Informática (5,0%).

Cadro nº20. Estudos de grao máis frecuentes segundo o sexo

Home		Muller	
Grao	%	Grao	%
Enxeñaría Mecánica	9,7	Educación Infantil	11,2
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	8,4	Educación Primaria	7,7
Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	6,7	Tradución e Interpretación	7,3
Administración e Dirección de Empresas	6,0	Enfermaría	6,6
Educación Primaria	5,4	Administración e Dirección de Empresas	5,5
Enxeñaría Informática	5,0	Belas Artes	4,6
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	3,3	Publicidade e Relacións Públicas	4,3
Enxeñaría Aeroespacial	3,3	Educación Social	4,1
Enfermaría	3,0	Relacións Laborais e Recursos Humanos	3,4
Enxeñaría da Enerxía	3,0	Dereito	3,0

#### 2.3.2.2 Sexo segundo os estudos de grao

Segundo a distribución por sexo, os estudos de grao foron agrupados en cinco categorías: titulacións exclusivamente femininas, con predominio feminino, paritarias<sup>21</sup>, exclusivamente masculinas e con predominio masculino.

Titulacións exclusivamente femininas: Grao en Estudos de Galego e Español.

<sup>21</sup> Titulacións en que, segundo os criterios da Lei de Paridade, a proporción entre homes e mulleres non son inferiores a 40% nen superiores a 60%.



Titulacións con predominio feminino: En 19 graos da mostra avaliada existe predominio feminino.

*Cadro nº21. Estudos de grao con predominio feminino*

	<b>% Muller</b>
<b>Educación Infantil</b>	96,1
<b>Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos</b>	88,9
<b>Linguas Estranxeiras</b>	88,9
<b>Tradución e Interpretación</b>	86,5
<b>Traballo Social</b>	85,7
<b>Turismo</b>	83,3
<b>Publicidade e Relacións Públicas</b>	79,2
<b>Educación Social</b>	78,3
<b>Belas Artes</b>	76,9
<b>Enfermaría</b>	76,3
<b>Comunicación Audiovisual</b>	70,6
<b>PCEO Administración e Dirección de Empresas / Dereito</b>	69,2
<b>Relacións Laborais e Recursos Humanos</b>	68,2
<b>Educación Primaria</b>	68,0
<b>Dereito</b>	65,0
<b>Bioloxía</b>	64,7
<b>Ciencias Ambientais</b>	63,6
<b>Comercio</b>	63,6
<b>Ciencias do Mar</b>	63,2

Titulacións paritarias: En once graos existe paridade de sexo:

- Enxeñaría Agraria
- Fisioterapia
- Administración e Dirección de Empresas
- Dirección e Xestión Pública
- Química
- Economía
- Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios
- Enxeñaría en Química Industrial
- Ciencias da Actividade Física e do Deporte
- Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais
- Enxeñaría da Enerxía

Titulacións exclusivamente masculinas: As mostras obtidas no grao en Xeografía e Historia e en PCEO Administración e Dirección de Empresas / Enxeñaría Informática están conformadas integramente por homes.

Predominio masculino: Un total de nove estudos de grao en enxeñaría presentan un predominio masculino.

*Cadro nº22. Estudos de grao con predominio masculino*

	<b>% Home</b>
<b>Enxeñaría Mecánica</b>	82,9
<b>Enxeñaría Informática</b>	71,4
<b>Enxeñaría Forestal</b>	63,6
<b>Enxeñaría en Organización Industrial</b>	72,7
<b>Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática</b>	87,0

Enxeñaría Eléctrica	75,0
Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	83,3
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	86,2
Enxeñaría Aeroespacial	62,5

O Cadro nº23 reflicte a distribución porcentual de sexo por titulacións tanto na poboación como na mostra obtida.

Cadro nº23. Distribución de sexo da poboación e mostra segundo os estudos de grao

	Poboación		Mostra	
	Home	Muller	Home	Muller
Administración e Dirección de Empresas	57,1	42,9	42,9	57,1
Belas Artes	25,2	74,8	23,1	76,9
Bioloxía	39,1	60,9	35,3	64,7
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	6,3	93,8	11,1	88,9
Ciencias Ambientais	59,1	40,9	36,4	63,6
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	75,3	24,7	52,6	47,4
Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	16,7	83,3	50,0	50,0
Ciencias do Mar	51,3	48,7	36,8	63,2
Comercio	43,8	56,3	36,4	63,6
Comunicación Audiovisual	40,4	59,6	29,4	70,6
Dereito	34,6	65,4	35,0	65,0
Dirección e Xestión Pública	54,5	45,5	42,9	57,1
Economía	62,8	37,2	50,0	50,0
Educación Infantil	10,1	89,9	3,9	96,1
Educación Primaria	33,6	66,4	32,0	68,0
Educación Social	20,7	79,3	21,7	78,3
Enfermaría	18,8	81,3	23,7	76,3
Enxeñaría Aeroespacial	65,2	34,8	62,5	37,5
Enxeñaría Agraria	45,0	55,0	40,0	60,0
Enxeñaría da Enerxía	56,5	43,5	60,0	40,0
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	75,3	24,7	86,2	13,8
Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	90,0	10,0	83,3	16,7
Enxeñaría Eléctrica	71,4	28,6	75,0	25,0
Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	78,8	21,2	87,0	13,0
Enxeñaría en Organización Industrial	53,6	46,4	72,7	27,3
Enxeñaría en Química Industrial	37,5	62,5	50,0	50,0
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	53,2	46,8	52,9	47,1
Enxeñaría Forestal	65,4	34,6	63,6	36,4
Enxeñaría Informática	83,9	16,1	71,4	28,6
Enxeñaría Mecánica	84,3	15,7	82,9	17,1
Estudos de Galego e Español	25,0	75,0	0,0	100,0
Fisioterapia	45,2	54,8	41,7	58,3
Linguas Estranxeiras	18,8	81,3	11,1	88,9
PCEO Administración e Dirección de Empresas / Dereito	44,7	55,3	30,8	69,2
PCEO Administración e Dirección de Empresas / Enxeñaría Informática	100,0	0,0	100,0	0,0
Publicidade e Relacións Públicas	17,8	82,2	20,8	79,2
Química	45,7	54,3	46,2	53,8
Relacións Laborais e Recursos Humanos	26,0	74,0	31,8	68,2
Traballo Social	14,3	85,7	14,3	85,7
Tradución e Interpretación	14,7	85,3	13,5	86,5
Turismo	20,8	79,2	16,7	83,3
Xeografía e Historia	73,3	26,7	100,0	0,0

### 2.3.3 Campus universitario

A seguir móstrase a distribución por campus dos estudos de grao impartidos en máis dunha sede universitaria:

- Grao en Administración e Dirección de Empresas: Na mostra obtida predominan as persoas tituladas do Campus de Vigo (59,5%) contra Ourense (40,5%).
- PCEO en Administración e Dirección de Empresas/Dereito: Predominio de graduados/as do campus de Vigo (84,6%) contra Ourense (15,4%).
- Grao de Educación Infantil: Predominio do Campus de Ourense (47,1%) e Pontevedra (41,2%) contra Vigo (11,8%).
- Grao de Educación Primaria: Predominan os graduados/as do Campus de Pontevedra (42,0%) seguido por Ourense (32,0%) e Vigo (26,0%).
- Grao en Dereito: Distribución equitativa entre os campus de Ourense e Vigo.
- Grao en Enfermaría: Predominan as persoas graduadas no campus de Vigo (60,5%), seguido por Ourense (28,9%) e Pontevedra (10,5%).

O Cadro nº24 reflicte a distribución da mostra por titulacións e campus universitario.

*Cadro nº24. Distribución de campus universitario segundo os estudos de grao*

	Ourense	Pontevedra	Vigo
Tradución e Interpretación	77,8	0,0	22,2
Turismo	100,0	0,0	0,0
Xeografía e Historia	100,0	0,0	0,0

## 8.5 Réxime do traballo

### 8.5.1 Resultados globais e por sexo

Tal como se pode observar no Cadro nº361, a maioría dos graduados/as (95,3%) traballaba por conta allea un ano após completar os seus estudos na UVigo no curso 2019/2020 contra o 4,7% por conta propia.

Cadro nº361. Réxime do traballo doce meses após graduarse

	%	Home	Muller
<b>Conta allea</b>	95,3	94,0	96,3
<b>Conta propia</b>	4,7	6,0	3,7

É significativamente maior o traballo por conta propia en homes (6,0% contra 3,7% de mulleres).

### 8.5.2 Réxime do traballo segundo o lugar do traballo

O emprego por conta propia era inexistente nas persoas empregadas no estranxeiro, superando Galicia (5,1%) a outras comunidades autónomas (2,7%).

Cadro nº362. Réxime do traballo doce meses após graduarse segundo o lugar do traballo

	Conta allea	Conta propia
<b>Galicia</b>	94,9	5,1
<b>Outra comunidade autónoma</b>	97,3	2,7
<b>Resto do mundo</b>	100,0	0,0

### 8.5.3 Réxime do traballo segundo a rama de coñecemento

O emprego por conta propia era máis frecuente entre os graduados/as en Artes e Humanidades I e II (15,4% ambas) e Xurídico-Social I (12,0%) contra o nulo en Ciencias da Saúde, 0,8% na Tecnolóxica e 3,8% na Científica.

Cadro nº363. Réxime do traballo doce meses após graduarse segundo a rama de coñecemento

	Conta allea	Conta propia
<b>Artes e Humanidades</b>	84,6	15,4
<b>Artes e Humanidades I</b>	84,6	15,4
<b>Artes e Humanidades II</b>	84,6	15,4
<b>Ciencias da Saúde</b>	100,0	0,0
<b>Científico</b>	96,2	3,8
<b>Tecnolóxico</b>	99,2	0,8
<b>Xurídico-Social</b>	93,1	6,9
<b>Xurídico-Social I</b>	88,0	12,0
<b>Xurídico-Social II</b>	94,4	5,6
<b>Xurídico-Social III</b>	95,1	4,9
<b>Xurídico-Social IV</b>	94,3	5,7

#### 8.5.3.1 Réxime do traballo segundo a rama de coñecemento por sexo

O emprego feminino por conta propia era exclusivo en Artes e Humanidades II (20,0%) e Científica (6,3%). No caso dos homes, este réxime de traballo é exclusivo na rama Tecnolóxica (1,0%), superando ás mulleres nas ramas Xurídico-Social III (16,7% contra 1,6%), Xurídico-Social I (21,1% contra 6,5%), Xurídico-Social IV (16,7% contra 3,4%), Artes e Humanidades I (20,0% contra 12,5%) e Xurídico-Social II (8,3% contra 4,2%).

Cadro nº364. Réxime do traballo doce meses após graduarse segundo a rama de coñecemento por sexo

	Conta propia home	Conta propia muller
Artes e Humanidades	12,5	16,7
Artes e Humanidades I	20,0	12,5
Artes e Humanidades II	0,0	20,0
Ciencias da Saúde	0,0	0,0
Científico	0,0	6,3
Tecnolóxico	1,0	0,0
Xurídico-Social	16,4	3,4
Xurídico-Social I	21,1	6,5
Xurídico-Social II	8,3	4,2
Xurídico-Social III	16,7	1,6
Xurídico-Social IV	16,7	3,4

#### 8.5.4 Réxime do traballo segundo os estudos de grao

Doce meses despois de graduarse na UVigo no curso 2019/2020 o emprego por conta propia abranxía a totalidade de graduados/as en Estudos de Galego e Español, ben como a parte notábel de graduados/as en Comercio (22,2%), Belas Artes (16,7%), Ciencias Ambientais e Enxeñaría Forestal (14,3% ambos), Administración e Dirección de Empresas (11,4%), Publicidade e Relacións Públicas e en Tradución e Interpretación (11,1% ambos) e en Relacións Laborais e Recursos Humanos (10,5%). En 29 dos 42 estudos de grao avaliados todas as persoas tituladas traballaban por conta allea.

Cadro nº365. Réxime do traballo doce meses após graduarse segundo os estudos de grao realizados

	Conta allea	Conta propia
Administración e Dirección de Empresas	88,6	11,4
Belas Artes	83,3	16,7
Bioloxía	100,0	0,0
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	100,0	0,0
Ciencias Ambientais	85,7	14,3
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	92,3	7,7
Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	100,0	0,0
Ciencias do Mar	100,0	0,0
Comercio	77,8	22,2
Comunicación Audiovisual	100,0	0,0
Dereito	100,0	0,0
Dirección e Xestión Pública	100,0	0,0
Economía	100,0	0,0
Educación Infantil	95,5	4,5
Educación Primaria	95,0	5,0
Educación Social	93,3	6,7
Enfermaría	100,0	0,0
Enxeñaría Aeroespacial	100,0	0,0
Enxeñaría Agraria	100,0	0,0
Enxeñaría da Enerxía	100,0	0,0
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	100,0	0,0
Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	100,0	0,0
Enxeñaría Eléctrica	100,0	0,0
Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	100,0	0,0
Enxeñaría en Organización Industrial	100,0	0,0
Enxeñaría en Química Industrial	100,0	0,0
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	100,0	0,0
Enxeñaría Forestal	85,7	14,3
Enxeñaría Informática	100,0	0,0
Enxeñaría Mecánica	100,0	0,0



Estudos de Galego e Español	0,0	100,0
Fisioterapia	100,0	0,0
Linguas Estranxeiras	100,0	0,0
PCEO Administración e Dirección de Empresas / Dereito	100,0	0,0
PCEO Administración e Dirección de Empresas / Enxeñaría Informática	100,0	0,0
Publicidade e Relacións Públicas	88,9	11,1
Química	100,0	0,0
Relacións Laborais e Recursos Humanos	89,5	10,5
Traballo Social	100,0	0,0
Tradución e Interpretación	88,9	11,1
Turismo	100,0	0,0
Xeografía e Historia	100,0	0,0

#### 8.5.4.1 Réxime do traballo segundo os estudos de grao por sexo

O emprego por conta propia era exclusivo das mulleres graduadas en Ciencias Ambientais (20,0%), Tradución e Interpretación (14,3%) e en Educación Infantil (4,8%). No caso dos homes, a exclusividade do traballo por conta propia dábase en Comercio (100,0%), Enxeñaría Forestal (25,0%), Educación Primaria e en Educación Social (20,0% ambos) e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (14,3%), superando ás mulleres en Publicidade e Relacións Públicas (25,0% contra 7,1%), Belas Artes (25,0% contra 12,5%), Relacións laborais e Recursos Humanos (16,7% contra 7,7%) e en Administración e Dirección de Empresas (13,3% contra 10,0%).

Cadro nº366. Réxime do traballo doce meses após graduarse segundo os estudos de grao por sexo

	Conta propia home	Conta propia muller
Administración e Dirección de Empresas	13,3	10,0
Belas Artes	25,0	12,5
Bioloxía	0,0	0,0
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	-	0,0
Ciencias Ambientais	0,0	20,0
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	14,3	0,0
Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	0,0	-
Ciencias do Mar	0,0	0,0
Comercio	100,0	0,0
Comunicación Audiovisual	0,0	0,0
Dereito	0,0	0,0
Dirección e Xestión Pública	0,0	0,0
Economía	0,0	0,0
Educación Infantil	0,0	4,8
Educación Primaria	20,0	0,0
Educación Social	20,0	0,0
Enfermaría	0,0	0,0
Enxeñaría Aeroespacial	0,0	0,0
Enxeñaría Agraria	0,0	0,0
Enxeñaría da Enerxía	0,0	0,0
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	0,0	-
Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	0,0	0,0
Enxeñaría Eléctrica	0,0	0,0
Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	0,0	0,0
Enxeñaría en Organización Industrial	0,0	0,0
Enxeñaría en Química Industrial	0,0	0,0
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	0,0	-
Enxeñaría Forestal	25,0	0,0
Enxeñaría Informática	0,0	0,0
Enxeñaría Mecánica	0,0	0,0
Estudos de Galego e Español	-	100,0

**Observatorio de Persoas Tituladas | Consello Social**

Fisioterapia	0,0	0,0
Linguas Estranxeiras	-	0,0
PCEO Administración e Dirección de Empresas / Dereito	0,0	0,0
PCEO Administración e Dirección de Empresas / Enxeñaría Informática	0,0	-
Publicidade e Relacións Públicas	25,0	7,1
Química	0,0	0,0
Relacións Laborais e Recursos Humanos	16,7	7,7
Traballo Social	-	0,0
Tradución e Interpretación	0,0	14,3
Turismo	-	0,0
Xeografía e Historia	0,0	-

## 8.6 Tipo de xornada

### 8.6.1 Resultados globais e por sexo

Entre as persoas graduadas que traballaban por conta allea un ano despois de finalizar os seus estudos até tres cuartas partes traballaba a tempo completo contra o 25,0% a tempo parcial<sup>38</sup>. Por sexo, o emprego a tempo parcial feminino (28,9%) superaba significativamente o masculino (19,5%).

*Cadro nº367. Tipo de xornada doce meses após graduarse*

	%	Home	Muller
<b>A tempo completo</b>	75,0	80,5	71,1
<b>A tempo parcial</b>	25,0	19,5	28,9

### 8.6.2 Tipo de xornada segundo o lugar do traballo

Un ano após graduarse na UVigo no curso 2019/2020 o emprego a tempo parcial estaba máis estendido no estranxeiro (33,3%) que noutras comunidades autónomas (22,2%) e en Galicia (24,9%).

*Cadro nº368. Tipo de xornada doce meses após graduarse segundo o lugar do traballo*

	A tempo completo	A tempo parcial
<b>Galicia</b>	75,1	24,9
<b>Outra comunidade autónoma</b>	77,8	22,2
<b>Resto do mundo</b>	66,7	33,3

### 8.6.3 Tipo de xornada segundo a rama de coñecemento

O emprego a tempo parcial era maioritario entre os graduados/as en Artes e Humanidades II (58,3%) e Xurídico-Social III (51,9%), ben como 46,2% en Artes e Humanidades I e 31,3% na Xurídico-Social IV contra o mínimo de 5,9% na Xurídico-Social II e 12,5% da Tecnolóxica.

*Cadro nº369. Tipo de xornada doce meses após graduarse segundo a rama de coñecemento*

	A tempo completo	A tempo parcial
<b>Artes e Humanidades</b>	48,0	52,0
<b>Artes e Humanidades I</b>	53,8	46,2
<b>Artes e Humanidades II</b>	41,7	58,3
<b>Ciencias da Saúde</b>	82,2	17,8
<b>Científico</b>	84,6	15,4
<b>Tecnolóxico</b>	87,5	12,5
<b>Xurídico-Social</b>	67,2	32,8
<b>Xurídico-Social I</b>	80,0	20,0
<b>Xurídico-Social II</b>	94,1	5,9
<b>Xurídico-Social III</b>	48,1	51,9
<b>Xurídico-Social IV</b>	68,8	31,3

#### 8.6.3.1 Tipo de xornada segundo a rama de coñecemento por sexo

En xeral o emprego a tempo parcial feminino superaba o masculino, salvo en Artes e Humanidades I (37,5% contra 60,0%), Xurídico-Social III (49,2% contra 62,5%) e Ciencias da Saúde (15,2% contra 25,0%), sendo exclusivo entre as graduadas da rama Xurídico-Social II (8,7%).

<sup>38</sup> Menos de 40 horas á semana.

Cadro nº370. Tipo de xornada doce meses após graduarse segundo a rama de coñecemento por sexo

	Tempo parcial home	Tempo parcial muller
Artes e Humanidades	55,6	50,0
Artes e Humanidades I	60,0	37,5
Artes e Humanidades II	50,0	62,5
Ciencias da Saúde	25,0	15,2
Científico	10,0	18,8
Tecnolóxico	11,3	16,1
Xurídico-Social	30,4	33,6
Xurídico-Social I	20,0	20,0
Xurídico-Social II	0,0	8,7
Xurídico-Social III	62,5	49,2
Xurídico-Social IV	25,0	32,1

#### 8.6.4 Tipo de xornada segundo os estudos de grao

Un ano após completar os estudos de grao na UVigo no curso 2019/2020 o emprego a tempo parcial era maioritario entre os titulados/as en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (91,7%), ben como en Tradución e Interpretación (62,5%), Educación Primaria (60,0%), Educación Infantil (52,4%), metade en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, Linguas Estranxeiras e en Xeografía e Historia, Belas Artes (45,5%), Publicidade e Relacións Públicas (40,0%), Ciencias do Mar (37,5%) e en Fisioterapia (33,3%). O emprego a tempo completo era total en 14 dos 41 estudos de grao avaliados<sup>39</sup>.

Cadro nº371. Tipo de xornada doce meses após graduarse segundo os estudos de grao

	A tempo completo	A tempo parcial
Administración e Dirección de Empresas	75,0	25,0
Belas Artes	54,5	45,5
Bioloxía	100,0	0,0
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	100,0	0,0
Ciencias Ambientais	83,3	16,7
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	8,3	91,7
Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	50,0	50,0
Ciencias do Mar	62,5	37,5
Comercio	100,0	0,0
Comunicación Audiovisual	70,0	30,0
Dereito	100,0	0,0
Dirección e Xestión Pública	100,0	0,0
Economía	83,3	16,7
Educación Infantil	47,6	52,4
Educación Primaria	40,0	60,0
Educación Social	68,8	31,3
Enfermaría	87,9	12,1
Enxeñaría Aeroespacial	75,0	25,0
Enxeñaría Agraria	75,0	25,0
Enxeñaría da Enerxía	90,9	9,1
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	73,7	26,3
Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	100,0	0,0
Enxeñaría Eléctrica	100,0	0,0
Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	100,0	0,0
Enxeñaría en Organización Industrial	100,0	0,0
Enxeñaría en Química Industrial	100,0	0,0
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	100,0	0,0

<sup>39</sup> Entre os graduados en Estudos de Galego e Español ningún traballaba por conta allea doce meses após se graduar na UVigo no curso 2019/2020.

Enxeñaría Forestal	100,0	0,0
Enxeñaría Informática	84,2	15,8
Enxeñaría Mecánica	82,6	17,4
Fisioterapia	66,7	33,3
Linguas Estranxeiras	50,0	50,0
PCEO Administración e Dirección de Empresas / Dereito	85,7	14,3
PCEO Administración e Dirección de Empresas / Enxeñaría Informática	100,0	0,0
Publicidade e Relacións Públicas	60,0	40,0
Química	100,0	0,0
Relacións Laborais e Recursos Humanos	94,1	5,9
Traballo Social	75,0	25,0
Tradución e Interpretación	37,5	62,5
Turismo	85,7	14,3
Xeografía e Historia	50,0	50,0

#### 8.6.4.1 Tipo de xornada segundo os estudos de grao por sexo

O emprego a tempo parcial era exclusivo ao cabo de doce meses de graduarse entre as mulleres tituladas en estudos de grao en Educación Infantil (55,0%), Enxeñaría Agraria (50,0%), Comunicación Audiovisual (37,5%), Ciencias Ambientais, Economía e Enxeñaría da Enerxía (25,0% cada un), PCEO ADE/Dereito (16,7%), Relacións Laborais e Recursos Humanos (8,3%), ben como en Enxeñaría Mecánica (50,0% contra 10,5% de homes), Ciencias do Mar (50,0% contra 25,0%), Fisioterapia (42,9% contra 20,0%), Ciencias da Actividade Física e do Deporte (100,0% contra 83,3%), Tradución e Interpretación (66,7% contra 50,0%), Educación Social (33,3% contra 25,0%), Enxeñaría Informática (20,0% contra 14,3%) e en Administración e Dirección de Empresas (26,3% contra 23,1%).

O emprego masculino a tempo parcial era exclusivo en Enxeñaría Aeroespacial (40,0%), superando o feminino en Belas Artes (66,7% contra 37,5%), Educación Primaria (80,0% contra 53,3%), Enfermaría (28,6% contra 7,7%) e en Publicidade e Relacións Públicas (50,0% contra 38,5%).

Cadro nº372. Tipo de xornada doce meses após graduarse segundo os estudos de grao por sexo

	Tempo parcial home	Tempo parcial muller
Administración e Dirección de Empresas	23,1	26,3
Belas Artes	66,7	37,5
Biloxía	0,0	0,0
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	-	0,0
Ciencias Ambientais	0,0	25,0
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	83,3	100,0
Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	50,0	-
Ciencias do Mar	25,0	50,0
Comercio	-	0,0
Comunicación Audiovisual	0,0	37,5
Dereito	0,0	0,0
Dirección e Xestión Pública	0,0	0,0
Economía	0,0	25,0
Educación Infantil	0,0	55,0
Educación Primaria	80,0	53,3
Educación Social	25,0	33,3
Enfermaría	28,6	7,7
Enxeñaría Aeroespacial	40,0	0,0
Enxeñaría Agraria	0,0	50,0
Enxeñaría da Enerxía	0,0	25,0

Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	26,3	-
Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	0,0	0,0
Enxeñaría Eléctrica	0,0	0,0
Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	0,0	0,0
Enxeñaría en Organización Industrial	0,0	0,0
Enxeñaría en Química Industrial	0,0	0,0
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	0,0	-
Enxeñaría Forestal	0,0	0,0
Enxeñaría Informática	14,3	20,0
Enxeñaría Mecánica	10,5	50,0
Fisioterapia	20,0	42,9
Linguas Estranxeiras	-	50,0
PCEO Administración e Dirección de Empresas / Dereito	0,0	16,7
PCEO Administración e Dirección de Empresas / Enxeñaría Informática	0,0	-
Publicidade e Relacións Públicas	50,0	38,5
Química	0,0	0,0
Relacións Laborais e Recursos Humanos	0,0	8,3
Traballo Social	-	25,0
Tradución e Interpretación	50,0	66,7
Turismo	-	14,3
Xeografía e Historia	50,0	-

## 9. Comparativa da situación socio-laboral actual cos resultados un ano após a graduación

O cuestionario aplicado permite analizar a evolución dos aspectos máis importantes do proceso de inserción laboral dos graduados/as entre o momento de responder a enquisa e doce meses despois de obter o título na UVigo en aspectos como as taxas de ocupación, desemprego e inactividade, porcentaxes dos que continúan os seus estudos, preparan oposicións, o lugar do traballo, o réxime do traballo ou o tipo da xornada laboral aplicados á mesma mostra en momentos diferentes.

### 9.1 Evolución da situación socio-laboral

#### 9.1.1 Resultados globais

Durante o período avaliado produciuse un aumento de 24,9% da porcentaxe de persoas empregadas a costa mormente da diminución da inactividade (44,0%) e do desemprego (13,0%).

Cadro nº373. Evolución da situación socio-laboral

	Situación aos 12 meses	Situación actual	Variación
<b>Emprego</b>	58,7	73,3	24,9
<b>Desemprego</b>	11,5	10,0	-13,0
<b>Inactividade</b>	29,8	16,7	-44,0

O Cadro nº374 mostra, de forma pormenorizada, a evolución da situación socio-laboral no período avaliado segundo as diferentes categorías socio-laborais. Na situación do emprego produciuse un incremento en todas as categorías avaliadas, sendo maior a de empresarios/as (que pasou do 0,0% ao 0,5%), a conciliación do traballo coa preparación de oposicións (de 0,0% a 2,7%) e cos estudos (362,5%), ben como das persoas de baixa/excedencia laboral (66,7%). Entre as categorías de inactividade foi maior a redución das persoas ao coidado familiar (85,7%), das estudan e opositan a tempo completo (61,7% e 6,6%, respectivamente), reaparecendo os pensionistas ou con invalidez.

Cadro nº374. Evolución da situación socio-laboral

		12 meses	Actual	Variación
<b>Emprego</b>	Emprego por conta allea na empresa privada	45,7	51,2	12,0
	Emprego por conta allea no sector público	9,2	11,8	28,3
	Empresario/a (titular dunha empresa)	0,0	0,5	>>
	Traballador/a autónomo/a	2,7	2,8	3,7
	Estudos e traballo	0,8	3,7	362,5
	Oposicións e traballo	0,0	2,7	>>
	De baixa/excedencia laboral	0,3	0,5	66,7
<b>Desemprego</b>	Desemprego	11,5	10,0	-13,0
<b>Inactividade</b>	Estudos a tempo completo	20,1	7,7	-61,7
	Oposicións a tempo completo	9,1	8,5	-6,6
	Xubilado/a, pensionista ou con invalidez	0,0	0,3	>>
	Coidado familiar	0,7	0,1	-85,7

#### 9.1.1.1 Transicións na situación do mercado de traballo

O Cadro nº375 ofrece unha visión xeral de todas as transicións posibles e mostra as mudanzas na situación do mercado de traballo. As porcentaxes de emprego, desemprego e inactividade son referidas ao número de persoas tituladas que ficaron en cada estado no período avaliado.

Así sendo, entre os doce meses despois de graduarse e o momento de responder a enquisa, a maioría (52,9%) de desempregados arranxou emprego, o 30,6% permaneceu desempregado e 16,5% tornouse economicamente inactivo.

No período avaliado a maioría de empregados (86,6%) conservou o seu emprego, 7,9% transitaron para a inactividade económica e 5,5% para o desemprego.

Entre os inactivos economicamente aos doce meses de graduarse a maioría (55,0%) arranxou emprego, 34,1% ficaron na inactividade e 10,9% pasaron para o desemprego.

Cadro nº375. Transicións no mercado de traballo no período avaliado

	Emprego	Desemprego	Inactividade
Emprego	86,6	5,5	7,9
Desemprego	52,9	30,6	16,5
Inactividade	55,0	10,9	34,1

Para máis información, o Anexo 50 ofrece unha visión xeral de todas as transicións posibles e mostra as mudanzas na situación do mercado de traballo segundo as categorías avaliadas.

### 9.1.2 Evolución da situación socio-laboral segundo o sexo

No período avaliado foi maior a evolución experimentada pola ocupación feminina (26,6%) que masculina (22,9%), cunha diminución máis acentuada tanto do desemprego feminino (18,9% contra o 0,0%), o que se traduciu nunha maior redución da inactividade masculina (47,6% contra 41,9%).

Cadro nº376. Evolución da situación socio-laboral segundo o sexo

	Home			Muller		
	12 meses	Actual	Variación	12 meses	Actual	Variación
Emprego	61,5	75,6	22,9	56,7	71,8	26,6
Desemprego	9,0	9,0	0,0	13,2	10,7	-18,9
Inactividade	29,4	15,4	-47,6	30,1	17,5	-41,9

O Cadro nº377 mostra, dunha forma pormenorizada, a evolución da situación socio-laboral no período avaliado segundo as diferentes categorías avaliadas por sexo.

Por sexo é significativo o maior incremento na proporción de mulleres empregadas por conta allea no sector público (73,0% contra 40,5% de homes) e do autoemprego (28,6% contra a diminución no 18,9% de homes). Entre os homes é significativo o maior aumento dos que concilian o traballo cos estudos (614,3% contra 200,0%). No tocante á situación de inactividade é significativo que diminuíse un 15,0% a proporción de mulleres dedicadas á preparación de oposicións a tempo completo e que se producise un aumento en proporción equivalente entre os homes.

Cadro nº377. Evolución da situación socio-laboral segundo o sexo

		Home			Muller		
		12 meses	Actual	Var.	12 meses	Actual	Var.
Emprego	Emprego na empresa privada	49,2	55,5	12,8	43,3	48,3	11,5
	Emprego no sector público	7,4	10,4	40,5	7,4	12,8	73,0
	Empresario/a	0,0	0,7	>>	0,0	0,5	>>
	Traballador/a autónomo/a	3,7	3,0	-18,9	2,1	2,7	28,6
	Estuda e traballa	0,7	5,0	614,3	0,9	2,7	200,0



	Oposita e traballa	0,0	0,7	>>	0,0	4,1	>>
	Baixa/excedencia laboral	0,7	0,3	-57,1	0,0	0,7	>>
<b>Desemprego</b>	Procurando emprego	9,0	9,0	0,0	13,2	10,7	-18,9
<b>Inactividade</b>	Só estuda	22,4	7,0	-68,8	18,5	8,2	-55,7
	Só oposita	6,7	7,7	14,9	10,7	9,1	-15,0
	Pensionista/con invalidez	0,0	0,7	>>	0,0	0,0	=
	Coidado familiar	0,3	0,0	-100,0	0,9	0,2	-77,8

#### 9.1.2.1 Transicións na situación do mercado de traballo segundo o sexo

O Cadro nº378 ofrece unha visión xeral de todas as transicións posibles e mostra as mudanzas na situación do mercado de traballo por sexo.

No período avaliado foi maior a porcentaxe de mulleres desempregadas que acharon emprego (55,2% contra 48,1%) e maior a de homes que permaneceron desempregados (37,0% contra 27,6% de mulleres).

Os homes consevaron o seu emprego máis que as mulleres (88,0% contra 85,5%), sendo maior a porcentaxe de mulleres que pasaron para a inactividade (8,8% contra 6,5%), sen darse diferenzas entre os que perderon o emprego (5,6% de mulleres e 5,4% de homes).

Ao cabo de doce meses de graduarse a maioría de homes e mulleres inactivos economicamente arranxou emprego (58,0% e 53,0, respectivamente), transitando para o desemprego máis mulleres (12,9%) que homes (8,0%) e ficando nese estado na mesma proporción (34,1%).

Cadro nº378. Transicións no mercado de traballo segundo o sexo

		<b>Emprego</b>	<b>Desemprego</b>	<b>Inactividade</b>
<b>Home</b>	Emprego	88,0	5,4	6,5
	Desemprego	48,1	37,0	14,8
	Inactividade	58,0	8,0	34,1
<b>Muller</b>	Emprego	85,5	5,6	8,8
	Desemprego	55,2	27,6	17,2
	Inactividade	53,0	12,9	34,1

Para máis información, o Anexo 51 ofrece unha visión xeral de todas as transicións posibles e mostra as mudanzas na situación do mercado de traballo segundo as categorías avaliadas por sexo.

#### 9.1.3 Evolución da situación socio-laboral segundo a rama de coñecemento

Durante o período avaliado os incrementos máis notábeis na taxa de ocupación déronse entre os titulados/as en Artes e Humanidades II (71,3%), Científica (55,8%) e Tecnolóxica (36,2%) contra a súa queda en Artes e Humanidades I (13,4%) e un crecemento de 2,0% na Xurídico-Social I.

O descenso no desemprego foi maior entre os graduados/as en Ciencias da Saúde (100,0% até a súa extinción), Xurídico-social I (42,3%) e Xurídico-Social II (40,7%), rexistrándose, todavía, un incremento de 39,5% en Artes e Humanidades I, Xurídico-Social III (13,7%) e Tecnolóxica (11,1%).

Salvo entre os graduados na rama Xurídico-Social I, as taxas de inactividade víronse reducidas no período avaliado, mormente entre os graduados en Ciencias da Saúde (75,0%), Tecnolóxica (74,8%) e Xurídico-Social IV (60,3%).

Cadro nº379. Evolución da situación socio-laboral segundo a rama de coñecemento

	Emprego			Desemprego			Inactividade		
	12 meses	Actual	Var.	12 meses	Actual	Var.	12 meses	Actual	Var.
<b>Artes e Humanidades</b>	35,8	45,7	27,7	19,8	18,5	-6,6	44,4	35,8	-19,4
<b>Artes e Humanidades I</b>	50,0	43,3	-13,4	16,7	23,3	39,5	33,3	33,3	0,0
<b>Artes e Humanidades II</b>	27,5	47,1	71,3	21,6	15,7	-27,3	51,0	37,3	-26,9
<b>Ciencias da Saúde</b>	90,0	98,0	8,9	2,0	0,0	-100,0	8,0	2,0	-75,0
<b>Científico</b>	39,1	60,9	55,8	23,2	14,5	-37,5	37,7	24,6	-34,7
<b>Tecnolóxico</b>	63,8	86,9	36,2	4,5	5,0	11,1	31,7	8,0	-74,8
<b>Xurídico-Social</b>	60,5	70,8	17,0	12,7	11,5	-9,4	26,8	17,7	-34,0
<b>Xurídico-Social I</b>	74,6	76,1	2,0	10,4	6,0	-42,3	14,9	17,9	20,1
<b>Xurídico-Social II</b>	58,1	69,4	19,4	8,1	4,8	-40,7	33,9	25,8	-23,9
<b>Xurídico-Social III</b>	53,5	65,6	22,6	14,6	16,6	13,7	31,8	17,8	-44,0
<b>Xurídico-Social IV</b>	66,0	81,1	22,9	15,1	11,3	-25,2	18,9	7,5	-60,3

#### 9.1.3.1 Transicións na situación do mercado de traballo segundo a rama de coñecemento

O Cadro nº380 ofrece unha visión xeral de todas as transicións posibles e mostra as mudanzas na situación do mercado de traballo segundo a rama de coñecemento.

No período avaliado arranzaron emprego todas as persoas desempregadas en Ciencias da Saúde, ben como a maioría da Tecnolóxica (77,8%), Xurídico-Social I (71,4%), Xurídico-Social IV (62,5%), Xurídico-Social II (60,0%) e Artes e Humanidades II (54,5%) contra a mínima en Artes e Humanidades I (20,0%), Xurídico-Social III (43,5%) e Científica (43,8%). Permaneceu desempregada a maioría en Artes e Humanidades I (60,0%), ben como unha parte considerábel da Xurídico-Social III (43,5%) e Xurídico-Social IV (37,5%). Pasou á inactividade unha parte notábel de titulados/as das ramas Científica (37,5%), Artes e Humanidades I e Xurídico-Social II (20,0% ambas) e Artes e Humanidades II (18,2%).

A permanencia na situación de emprego foi total en Ciencias da Saúde, ben como en máis de 80% da Tecnolóxica (92,1%), Xurídico-Social II (91,7%), Xurídico-Social IV (88,6%), Científica (81,5%), Xurídico-Social III (81,0%) contra a mínima en Artes e Humanidades I (53,3%). Pasaron á situación de inactividade unha parte notábel de empregados en Artes e Humanidades I (33,3%), Artes e Humanidades II (21,4%), Científica (14,8%) e Xurídico-Social I (10,0%). A perda de emprego foi máis frecuente entre nas ramas de Artes e Humanidades II (14,3%), Artes e Humanidades I (13,3%) e Xurídico-Social III (10,7%) contra a nula en Ciencias da Saúde, 2,4% na Tecnolóxica, 2,8% na Xurídico-Social II e 3,7% da Científica.

Arranzaron emprego a maioría de persoas inactivas das ramas Tecnolóxica (77,8%), Ciencias da Saúde (75,0%), Xurídico-Social IV (70,0%) e Xurídico-Social III (50,0%) contra o mínimo na Xurídico-Social II (33,3%), Artes e Humanidades II (34,6%), Artes e Humanidades I e Xurídico-social I (40,0% ambas). Pasaron da inactividade ao desemprego unha parte notábel das ramas Científica (23,1%), Artes e Humanidades I (20,0%) e Xurídico-Social III (14,0%) contra ninguén en Ciencias da Saúde e Xurídico-Social IV. Permanecen na inactividade a maioría de inactivos nas ramas Xurídico-Social II (61,9%), Xurídico-Social I (60,0%) e en Artes e Humanidades II (53,8%).

Cadro nº380. Transicións no mercado de traballo segundo a rama de coñecemento

		Emprego	Desemprego	Inactividade
<b>Artes e Humanidades</b>	Emprego	58,6	13,8	27,6
	Desemprego	43,8	37,5	18,8
	Inactividade	36,1	13,9	50,0
<b>Artes e Humanidades I</b>	Emprego	53,3	13,3	33,3
	Desemprego	20,0	60,0	20,0
	Inactividade	40,0	20,0	40,0
<b>Artes e Humanidades II</b>	Emprego	64,3	14,3	21,4
	Desemprego	54,5	27,3	18,2
	Inactividade	34,6	11,5	53,8
<b>Ciencias da Saúde</b>	Emprego	100,0	0,0	0,0
	Desemprego	100,0	0,0	0,0
	Inactividade	75,0	0,0	25,0
<b>Científica</b>	Emprego	81,5	3,7	14,8
	Desemprego	43,8	18,8	37,5
	Inactividade	50,0	23,1	26,9
<b>Tecnolóxica</b>	Emprego	92,1	2,4	5,5
	Desemprego	77,8	22,2	0,0
	Inactividade	77,8	7,9	14,3
<b>Xurídico-Social</b>	Emprego	84,9	7,8	7,3
	Desemprego	53,5	34,9	11,6
	Inactividade	47,3	8,8	44,0
<b>Xurídico-Social I</b>	Emprego	84,0	6,0	10,0
	Desemprego	71,4	14,3	14,3
	Inactividade	40,0	0,0	60,0
<b>Xurídico-Social II</b>	Emprego	91,7	2,8	5,6
	Desemprego	60,0	20,0	20,0
	Inactividade	33,3	4,8	61,9
<b>Xurídico-Social III</b>	Emprego	81,0	10,7	8,3
	Desemprego	43,5	43,5	13,0
	Inactividade	50,0	14,0	36,0
<b>Xurídico-Social IV</b>	Emprego	88,6	8,6	2,9
	Desemprego	62,5	37,5	0,0
	Inactividade	70,0	0,0	30,0

#### 9.1.4 Evolución da situación socio-laboral segundo os estudos de grao

O Cadro nº381 mostra a distribución porcentual da evolución temporal da situación socio-laboral das persoas graduadas da UVigo no curso 2019/2020 segundo os estudos de grao realizados.

No período avaliado os maiores incrementos da ocupación déronse entre os graduados/as en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais (267,6%), Química (149,7%), Bioloxía (125,1%), Dereito (125,0%), Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, Linguas Estranxeiras e en Tradución e Interpretación (100,0% cada un), Enxeñaría Aeroespacial (87,6%), Enxeñaría Agraria (66,7%), Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (50,2%), Educación Infantil (50,1%) e en Enxeñaría Eléctrica (50,0%). Porén, houbo quedas da ocupación en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios e en Xeografía e Historia (50,0% ambos), Educación Social (23,5%), Comercio (11,1%), Enxeñaría en Organización Industrial (9,1%), Traballo Social (8,3%) e en Belas Artes (7,6%). En sete estudos de grao a taxa de ocupación ficou constante: Administración e Dirección de Empresas, Ciencias Ambientais, Dirección e Xestión Pública, Enxeñaría en Química Industrial, Estudos de Galego e Español, Fisioterapia e en PCEO Administración e Dirección de Empresas / Enxeñaría Informática.

O desemprego extinguiuse (-100,0%) en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Ciencias da Actividade Física e do

Deporte, Economía, Enxeñaría da Enerxía, PCEO ADE/Dereito e en Enfermaría, reducíndose de forma considerábel en Química e en Ciencias Ambientais (66,7% ambos), Turismo (50,3%), Tradución e Interpretación (50,0%), Bioloxía (40,1%) e en Comunicación Audiovisual (33,3%).

O desemprego continúa a ser inexistente en 16 estudos de grao: Enxeñaría Aeroespacial, Enxeñaría Agraria, Enxeñaría Eléctrica, Enxeñaría Forestal, Enxeñaría Informática, Dirección e Xestión Pública, Estudos de Galego e Español, Fisioterapia, PCEO Administración e Dirección de Empresas / Enxeñaría Informática, Enxeñaría en Organización Industrial, Comercio, Xeografía e Historia, Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación, Traballo Social, Enxeñaría en Química Industrial e en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios.

No entanto, a taxa de desemprego aumentou en Ciencias do Mar (150,5%), Educación Social (133,8%), Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais (49,2%) e en Belas Artes (40,1%).

A taxa de inactividade viuse reducida en 28 dos 42 estudos de grao avaliados, inmutábel en 5 (Economía, PCEO Administración e Dirección de Empresas / Dereito, Educación Social, Dirección e Xestión Pública e en Traballo Social), aparecendo por primeira vez en Enxeñaría en Organización Industrial (9,1%) e aumentando en Ciencias Ambientais (200,0%), Comercio, Xeografía e Historia e en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (50,0% cada un) e en Administración e Dirección de Empresas (47,9%).

Cadro nº381. Evolución da situación socio-laboral segundo os estudos de grao

	Emprego			Desemprego			Inactividade		
	12 meses	Actual	Var.	12 meses	Actual	Var.	12 meses	Actual	Var.
Administración e Dirección de Empresas	83,3	83,3	0,0	11,9	9,5	-20,2	4,8	7,1	47,9
Belas Artes	50,0	46,2	-7,6	19,2	26,9	40,1	30,8	26,9	-12,7
Bioloxía	23,5	52,9	125,1	29,4	17,6	-40,1	47,1	29,4	-37,6
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	44,4	66,7	50,2	33,3	0,0	-100,0	22,2	33,3	50,0
Ciencias Ambientais	63,6	63,6	0,0	27,3	9,1	-66,7	9,1	27,3	200,0
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	68,4	94,7	38,5	5,3	0,0	-100,0	26,3	5,3	-79,8
Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	50,0	25,0	-50,0	0,0	50,0	>>	50,0	25,0	-50,0
Ciencias do Mar	42,1	52,6	24,9	10,5	26,3	150,5	47,4	21,1	-55,5
Comercio	81,8	72,7	-11,1	0,0	0,0	=	18,2	27,3	50,0
Comunicación Audiovisual	58,8	76,5	30,1	17,6	11,8	-33,0	23,5	11,8	-49,8
Dereito	20,0	45,0	125,0	10,0	5,0	-50,0	70,0	50,0	-28,6
Dirección e Xestión Pública	85,7	85,7	0,0	0,0	0,0	=	14,3	14,3	0,0
Economía	42,9	57,1	33,1	14,3	0,0	-100,0	42,9	42,9	0,0
Educación Infantil	43,1	64,7	50,1	21,6	21,6	0,0	35,3	13,7	-61,2
Educación Primaria	40,0	56,0	40,0	16,0	14,0	-12,5	44,0	30,0	-31,8
Educación Social	73,9	56,5	-23,5	13,0	30,4	133,8	13,0	13,0	0,0
Enfermaría	86,8	97,4	12,2	2,6	0,0	-100,0	10,5	2,6	-75,2
Enxeñaría Aeroespacial	50,0	93,8	87,6	0,0	0,0	=	50,0	6,3	-87,4
Enxeñaría Agraria	60,0	100,0	66,7	0,0	0,0	=	40,0	0,0	-100,0
Enxeñaría da Enerxía	73,3	86,7	18,3	6,7	0,0	-100,0	20,0	13,3	-33,5
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	62,1	89,7	44,4	0,0	3,4	>>	37,9	6,9	-81,8
Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	50,0	100,0	100,0	16,7	0,0	-100,0	33,3	0,0	-100,0
Enxeñaría Eléctrica	50,0	75,0	50,0	0,0	0,0	=	50,0	25,0	-50,0
Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	60,9	87,0	42,9	8,7	8,7	0,0	30,4	4,3	-85,9

Enxeñaría en Organización Industrial	100,0	90,9	-9,1	0,0	0,0	=	0,0	9,1	>>
Enxeñaría en Química Industrial	75,0	75,0	0,0	0,0	25,0	>>	25,0	0,0	-100,0
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	17,6	64,7	267,6	11,8	17,6	49,2	70,6	17,6	-75,1
Enxeñaría Forestal	63,6	81,8	28,6	0,0	0,0	=	36,4	18,2	-50,0
Enxeñaría Informática	90,5	100,0	10,5	0,0	0,0	=	9,5	0,0	-100,0
Enxeñaría Mecánica	65,7	82,9	26,2	8,6	8,6	0,0	25,7	8,6	-66,5
Estudos de Galego e Español	100,0	100,0	0,0	0,0	0,0	=	0,0	0,0	=
Fisioterapia	100,0	100,0	0,0	0,0	0,0	=	0,0	0,0	=
Linguas Estranxeiras	22,2	44,4	100,0	11,1	11,1	0,0	66,7	44,4	-33,4
PCEO Administración e Dirección de Empresas / Dereito	53,8	61,5	14,3	7,7	0,0	-100,0	38,5	38,5	0,0
PCEO Administración e Dirección de Empresas / Enxeñaría Informática	100,0	100,0	0,0	0,0	0,0	=	0,0	0,0	=
Publicidade e Relacións Públicas	75,0	83,3	11,1	12,5	12,5	0,0	12,5	4,2	-66,4
Química	30,8	76,9	149,7	23,1	7,7	-66,7	46,2	15,4	-66,7
Relacións Laborais e Recursos Humanos	86,4	90,9	5,2	9,1	9,1	0,0	4,5	0,0	-100,0
Traballo Social	85,7	78,6	-8,3	0,0	7,1	>>	14,3	14,3	0,0
Tradución e Interpretación	24,3	48,6	100,0	27,0	13,5	-50,0	48,6	37,8	-22,2
Turismo	58,3	83,3	42,9	16,7	8,3	-50,3	25,0	8,3	-66,8
Xeografía e Historia	50,0	25,0	-50,0	0,0	0,0	=	50,0	75,0	50,0

#### 9.1.4.1 Transicións na situación do mercado de traballo segundo os estudos de grao

O Cadro nº382 reflicte unha visión xeral de todas as transicións posibles e mostra as mudanzas na situación do mercado de traballo segundo os estudos de grao realizados no curso 2019/2020.

Cadro nº382. Transicións no mercado de traballo segundo os estudos de grao realizados

		Desemprego	Emprego	Inactividade
Administración e Dirección de Empresas	Desemprego	20,0	60,0	20,0
	Emprego	8,6	88,6	2,9
	Inactividade	0,0	50,0	50,0
Belas Artes	Desemprego	60,0	20,0	20,0
	Emprego	15,4	53,8	30,8
	Inactividade	25,0	50,0	25,0
Bioloxía	Desemprego	0,0	60,0	40,0
	Emprego	25,0	50,0	25,0
	Inactividade	25,0	50,0	25,0
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	Desemprego	0,0	66,7	33,3
	Emprego	0,0	100,0	0,0
	Inactividade	0,0	0,0	100,0
Ciencias Ambientais	Desemprego	33,3	33,3	33,3
	Emprego	0,0	85,7	14,3
	Inactividade	0,0	0,0	100,0
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	Desemprego	0,0	100,0	0,0
	Emprego	0,0	100,0	0,0
	Inactividade	0,0	80,0	20,0
Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	Emprego	50,0	50,0	0,0
	Inactividade	50,0	0,0	50,0
Ciencias do Mar	Desemprego	50,0	0,0	50,0
	Emprego	0,0	75,0	25,0
	Inactividade	44,4	44,4	11,1
Comercio	Emprego	0,0	77,8	22,2
	Inactividade	0,0	50,0	50,0
Comunicación Audiovisual	Desemprego	33,3	66,7	0,0
	Emprego	10,0	90,0	0,0
	Inactividade	0,0	50,0	50,0
Dereito	Desemprego	0,0	50,0	50,0
	Emprego	0,0	100,0	0,0
	Inactividade	7,1	28,6	64,3
Dirección e Xestión Público	Emprego	0,0	83,3	16,7

	Inactividade	0,0	100,0	0,0
Economía	Desemprego	0,0	100,0	0,0
	Emprego	0,0	66,7	33,3
	Inactividade	0,0	33,3	66,7
Educación Infantil	Desemprego	36,4	54,5	9,1
	Emprego	9,1	81,8	9,1
	Inactividade	27,8	50,0	22,2
Educación Primaria	Desemprego	37,5	37,5	25,0
	Emprego	15,0	80,0	5,0
	Inactividade	4,5	40,9	54,5
Educación Social	Desemprego	100,0	0,0	0,0
	Emprego	17,6	64,7	17,6
	Inactividade	33,3	66,7	0,0
Enfermería	Desemprego	0,0	100,0	0,0
	Emprego	0,0	100,0	0,0
	Inactividade	0,0	75,0	25,0
Enxeñaría Aeroespacial	Emprego	0,0	100,0	0,0
	Inactividade	0,0	87,5	12,5
Enxeñaría Agraria	Emprego	0,0	100,0	0,0
	Inactividade	0,0	100,0	0,0
Enxeñaría da Enerxía	Desemprego	0,0	100,0	0,0
	Emprego	0,0	81,8	18,2
	Inactividade	0,0	100,0	0,0
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	Emprego	0,0	94,4	5,6
	Inactividade	9,1	81,8	9,1
Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	Desemprego	0,0	100,0	0,0
	Emprego	0,0	100,0	0,0
	Inactividade	0,0	100,0	0,0
Enxeñaría Eléctrica	Emprego	0,0	100,0	0,0
	Inactividade	0,0	50,0	50,0
Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	Desemprego	50,0	50,0	0,0
	Emprego	0,0	100,0	0,0
	Inactividade	14,3	71,4	14,3
Enxeñaría en Organización Industrial	Emprego	0,0	90,9	9,1
Enxeñaría en Química Industrial	Emprego	33,3	66,7	0,0
	Inactividade	0,0	100,0	0,0
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	Desemprego	50,0	50,0	0,0
	Emprego	33,3	66,7	0,0
	Inactividade	8,3	66,7	25,0
Enxeñaría Forestal	Emprego	0,0	100,0	0,0
	Inactividade	0,0	50,0	50,0
Enxeñaría Informática	Emprego	0,0	100,0	0,0
	Inactividade	0,0	100,0	0,0
Enxeñaría Mecánica	Desemprego	0,0	100,0	0,0
	Emprego	4,3	82,6	13,0
	Inactividade	22,2	77,8	0,0
Estudos de Galego e Español	Emprego	0,0	100,0	0,0
Fisioterapia	Emprego	0,0	100,0	0,0
Linguas Estranxeiras	Desemprego	0,0	100,0	0,0
	Emprego	0,0	100,0	0,0
	Inactividade	16,7	16,7	66,7
PCEO Administración e Dirección de Empresas / Dereito	Desemprego	0,0	100,0	0,0
	Emprego	0,0	85,7	14,3
	Inactividade	0,0	20,0	80,0
PCEO Administración e Dirección de Empresas / Enxeñaría Informática	Emprego	0,0	100,0	0,0
Publicidade e Relacións Públicas	Desemprego	33,3	66,7	0,0
	Emprego	11,1	88,9	0,0
	Inactividade	0,0	66,7	33,3
Química	Desemprego	33,3	33,3	33,3
	Emprego	0,0	100,0	0,0
	Inactividade	0,0	83,3	16,7
Relacións Laborais e Recursos Humanos	Desemprego	50,0	50,0	0,0
	Emprego	5,3	94,7	0,0
	Inactividade	0,0	100,0	0,0
Traballo Social	Emprego	8,3	83,3	8,3
	Inactividade	0,0	50,0	50,0
Tradución e Interpretación	Desemprego	30,0	50,0	20,0

	Emprego	11,1	55,6	33,3
	Inactividade	5,6	44,4	50,0
<b>Turismo</b>	Desemprego	50,0	50,0	0,0
	Emprego	0,0	85,7	14,3
	Inactividade	0,0	100,0	0,0
<b>Xeografía e Historia</b>	Emprego	0,0	50,0	50,0
	Inactividade	0,0	0,0	100,0

## 9.2 Evolución das persoas que continúan estudos

### 9.2.1 Resultados globais e por sexo

No período avaliado produciuse unha diminución do 45,5% dos graduados/as que continuaban estudos, sen diferenzas significativas entre homes e mulleres. Esta diminución foi debida principalmente á baixada de estudantes a tempo completo (61,7%), pois nese período houbo un incremento considerábel (362,5%) de graduados/as que concilian o traballo cos estudos, mormente entre os homes (614,3%).

Cadro nº383. Evolución das persoas tituladas que continúan estudos universitarios

	Global			Hombre			Mujer		
	12 meses	Actual	Var.	12 meses	Actual	Var.	12 meses	Actual	Var.
<b>Continúa estudos</b>	20,9	11,4	-45,5	23,1	12,0	-48,1	19,4	10,9	-43,8
<b>Só estuda</b>	20,1	7,7	-61,7	22,4	7,0	-68,8	18,5	8,2	-55,7
<b>Estuda e traballa</b>	0,8	3,7	362,5	0,7	5,0	614,3	0,9	2,7	200,0

### 9.2.2 Evolución das persoas que continúan estudos segundo a rama de coñecemento

A diminución da porcentaxe de graduados/as que continúan os estudos universitarios foi xeral en todas as ramas de coñecemento avaliadas, salvo na Xurídico-Social I en que se mantivo constante e na Xurídico-Social IV, cun incremento de 8,8%. A baixada oscila entre o máximo de 60,8% na Tecnolóxica e o mínimo de 24,0% na Científica.

A diminución dos estudantes a tempo completo foi xeneralizada, salvo na referida rama Xurídico-social IV, cun incremento de 1,8%. A queda foi maior nas ramas Tecnolóxica (79,7%) e Xurídico-Social II (68,6%).

A conciliación do traballo cos estudos incrementouse en todas as ramas do coñecemento, rexistrándose pola vez primeira nas ramas Tecnolóxica, Xurídico-social I, Xurídico-Social II e Xurídico-Social IV, seguidas pola Científica (414,3%) e Xurídico-social III (192,3%), caendo en Artes e Humanidades II (100,0%) e Artes e Humanidades I (50,7%).

Cadro nº384. Evolución das persoas tituladas que continúan estudos segundo a rama de coñecemento

	Continúa estudos			Só estuda			Estuda e traballa		
	12 meses	Actual	Var.	12 meses	Actual	var.	12 meses	Actual	var.
<b>Artes e Humanidades</b>	35,8	18,5	-48,3	32,1	17,3	-46,1	3,7	1,2	-67,6
<b>Artes e Humanidades I</b>	26,7	16,7	-37,5	20,0	13,3	-33,5	6,7	3,3	-50,7
<b>Artes e Humanidades II</b>	41,2	19,6	-52,4	39,2	19,6	-50,0	2,0	0,0	-100,0
<b>Ciencias da Saúde</b>	4,0	2,0	-50,0	4,0	2,0	-50,0	0,0	0,0	=
<b>Científico</b>	36,2	27,5	-24,0	34,8	20,3	-41,7	1,4	7,2	414,3
<b>Tecnolóxico</b>	29,6	11,6	-60,8	29,6	6,0	-79,7	0,0	5,5	>>
<b>Xurídico-Social</b>	11,5	7,7	-33,0	10,9	4,7	-56,9	0,6	2,9	383,3
<b>Xurídico-Social I</b>	7,5	7,5	0,0	7,5	6,0	-20,0	0,0	1,5	>>
<b>Xurídico-Social II</b>	11,3	8,1	-28,3	11,3	6,5	-42,5	0,0	1,6	>>
<b>Xurídico-Social III</b>	11,5	7,0	-39,1	10,2	3,2	-68,6	1,3	3,8	192,3
<b>Xurídico-Social IV</b>	17,0	18,5	8,8	17,0	17,3	1,8	0,0	1,2	>>

### 9.2.3 Evolución das persoas que continúan estudos segundo os estudos de grao

Se ben que se produciu unha diminución da porcentaxe de graduados que continuaban a estudar en 25 dos 42 estudos de grao avaliados, coa desaparición desta categoría en oito deles (Estudos de Galego e Español, Fisioterapia, PCEO Administración e Dirección de Empresas / Enxeñaría Informática, Relacións Laborais e Recursos Humanos, Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, Enxeñaría Eléctrica, Enxeñaría Informática e en Xeografía e Historia), en once titulacións houbo un incremento da proporción de



graduados/as que continúan estudos, aparecendo pola primeira vez en Enxeñaría Agraria, Dirección e Xestión Pública e en Enxeñaría en Organización Industrial, seguidos por Educación Primaria (150,0%), Traballo Social (101,4%), Ciencias Ambientais (100,0%) e en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (50,0%).

As maiores baixadas na porcentaxe de estudantes déronse en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, Enxeñaría Eléctrica, Enxeñaría Informática e en Xeografía e Historia, coa extinción desta categoría, seguida por Educación Social (80,2%), Enxeñaría Mecánica e en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais (75,1% ambos), Enxeñaría Aeroespacial (75,0%) e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (74,9%).

En 27 dos 42 estudos de grao avaliados houbo pola primeira vez casos de realización de estudos a tempo completo, oscilando entre o máximo en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos e en Linguas Estranxeiras (33,3% ambos) e o mínimo de 2,0% en Educación Infantil, incrementándose de forma considerábel en Belas Artes (305,3%) e en Ciencias do Mar (198,1%).

Nun contexto de diminución das porcentaxes de conciliación do traballo cos estudos en 32 dos 42 estudos de grao avaliados, esta categoría apareceu por primeira vez en Enxeñaría Agraria, incrementándose un 50,0% en Educación Primaria.

Cadro nº385. Evolución das persoas tituladas que continúan estudos segundo os estudos de grao realizados

	Continúa estudos			Só estuda			Estuda e traballa		
	12 meses	Actual	Var.	12 meses	Actual	Var.	12 meses	Actual	Var.
Administración e Dirección de Empresas	4,8	4,8	0,0	0,0	2,4	>>	4,8	2,4	-50,0
Belas Artes	23,1	19,2	-16,9	3,8	15,4	305,3	19,2	3,8	-80,2
Bioloxía	47,1	35,3	-25,1	0,0	29,4	>>	47,1	5,9	-87,5
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	22,2	33,3	50,0	0,0	33,3	>>	22,2	0,0	-100,0
Ciencias Ambientais	9,1	18,2	100,0	0,0	18,2	>>	9,1	0,0	-100,0
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	21,1	5,3	-74,9	0,0	0,0	=	21,1	5,3	-74,9
Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	50,0	0,0	-100,0	25,0	0,0	-100,0	25,0	0,0	-100,0
Ciencias do Mar	52,6	31,6	-39,9	5,3	15,8	198,1	47,4	15,8	-66,7
Comercio	9,1	9,1	0,0	0,0	9,1	>>	9,1	0,0	-100,0
Comunicación Audiovisual	17,6	11,8	-33,0	0,0	5,9	>>	17,6	5,9	-66,5
Dereito	25,0	10,0	-60,0	0,0	5,0	>>	25,0	5,0	-80,0
Dirección e Xestión Pública	0,0	14,3	>>	0,0	14,3	>>	0,0	0,0	=
Economía	14,3	14,3	0,0	0,0	14,3	>>	14,3	0,0	-100,0
Educación Infantil	11,8	3,9	-66,9	0,0	2,0	>>	11,8	2,0	-83,1
Educación Primaria	4,0	10,0	150,0	0,0	4,0	>>	4,0	6,0	50,0
Educación Social	21,7	4,3	-80,2	8,7	4,3	-50,6	13,0	0,0	-100,0
Enfermaría	5,3	2,6	-50,9	0,0	2,6	>>	5,3	0,0	-100,0
Enxeñaría Aeroespacial	50,0	12,5	-75,0	0,0	6,3	>>	50,0	6,3	-87,4
Enxeñaría Agraria	0,0	20,0	>>	0,0	0,0	=	0,0	20,0	>>
Enxeñaría da Enerxía	20,0	20,0	0,0	0,0	13,3	>>	20,0	6,7	-66,5
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	37,9	17,2	-54,6	0,0	6,9	>>	37,9	10,3	-72,8
Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	33,3	16,7	-49,8	0,0	0,0	=	33,3	16,7	-49,8
Enxeñaría Eléctrica	50,0	0,0	-100,0	0,0	0,0	=	50,0	0,0	-100,0
Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	30,4	13,0	-57,2	0,0	4,3	>>	30,4	8,7	-71,4
Enxeñaría en Organización Industrial	0,0	9,1	>>	0,0	9,1	>>	0,0	0,0	=
Enxeñaría en Química Industrial	25,0	25,0	0,0	0,0	0,0	=	25,0	25,0	0,0
Enxeñaría en Tecnoloxías	70,6	17,6	-75,1	0,0	11,8	>>	70,6	5,9	-91,6

**Observatorio de Persoas Tituladas | Consello Social**

<b>Industriais</b>									
Enxeñaría Forestal	27,3	9,1	-66,7	0,0	9,1	>>	27,3	0,0	-100,0
Enxeñaría Informática	9,5	0,0	-100,0	0,0	0,0	=	9,5	0,0	-100,0
Enxeñaría Mecánica	22,9	5,7	-75,1	0,0	5,7	>>	22,9	0,0	-100,0
Estudos de Galego e Español	0,0	0,0	=	0,0	0,0	=	0,0	0,0	=
Fisioterapia	0,0	0,0	=	0,0	0,0	=	0,0	0,0	=
Linguas Estranxeiras	55,6	33,3	-40,1	0,0	33,3	>>	55,6	0,0	-100,0
PCEO Administración e Dirección de Empresas / Dereito	15,4	15,4	0,0	0,0	15,4	>>	15,4	0,0	-100,0
PCEO Administración e Dirección de Empresas / Enxeñaría Informática	0,0	0,0	=	0,0	0,0	=	0,0	0,0	=
Publicidade e Relacións Públicas	12,5	8,3	-33,6	0,0	4,2	>>	12,5	4,2	-66,4
Química	30,8	15,4	-50,0	0,0	7,7	>>	30,8	7,7	-75,0
Relacións Laborais e Recursos Humanos	0,0	0,0	=	0,0	0,0	=	0,0	0,0	=
Traballo Social	7,1	14,3	101,4	0,0	7,1	>>	7,1	7,1	0,0
Tradución e Interpretación	37,8	18,9	-50,0	0,0	18,9	>>	37,8	0,0	-100,0
Turismo	25,0	8,3	-66,8	0,0	8,3	>>	25,0	0,0	-100,0
Xeografía e Historia	50,0	0,0	-100,0	25,0	0,0	-100,0	25,0	0,0	-100,0

### 9.3 Evolución das persoas que preparan oposicións

#### 9.3.1 Resultados globais e por sexo

Durante o período avaliado produciuse un incremento do 23,1% de graduados/as que preparan oposicións, aumento debido mormente á aparición dun segmento de 2,7% da mostra que concilia o traballo coa preparación de oposicións, pois diminuíron un 6,6% os opositores a tempo completo. Mentres que entre os homes houbo un aumento do 14,9% dos que só opositan, nunha proporción semellante caeu esta categoría entre as mulleres.

Cadro nº386. Evolución das persoas tituladas que preparan oposicións

	Global			Homes			Mulleres		
	12 meses	Actual	Var.	12 meses	Actual	Var.	12 meses	Actual	Var.
Preparación de oposicións	9,1	11,2	23,1	6,7	8,4	25,4	10,7	13,2	23,4
Preparación de oposicións a tempo completo	9,1	8,5	-6,6	6,7	7,7	14,9	10,7	9,1	-15,0
Preparación de oposicións e traballo	0,0	2,7	>>	0,0	0,7	>>	0,0	4,1	>>

#### 9.3.2 Evolución das persoas que preparan oposicións segundo a rama de coñecemento

No período avaliado a preparación de oposicións duplicouse nas ramas Científica e Tecnolóxica, seguida pola Xurídico-social I (78,7%), Artes e Humanidades II (66,1%), Artes e Humanidades I (33,3%) e Xurídico-Social III (12,3%), caendo a metade en Ciencias da Saúde, e manténdose nas ramas Xurídico-Social II e IV. O incremento é debido á aparición, pola primeira vez no período avaliado, de persoas graduadas que concilian o traballo coa preparación de oposicións, pois, salvo na rama Científica, houbo unha queda xeneralizada de persoas tituladas que preparan oposicións a tempo completo.

Cadro nº387. Evolución das persoas tituladas que preparan oposicións segundo a rama de coñecemento

	Preparación de oposicións			Só preparación de oposicións			Preparación de oposicións e traballo		
	12 meses	Actual	Var.	12 meses	Actual	Var.	12 meses	Actual	Var.
Artes e Humanidades	11,1	17,3	55,9	11,1	1,2	-89,2	0,0	16,0	>>
Artes e Humanidades I	10,0	13,3	33,0	10,0	0,0	-100,0	0,0	13,3	>>
Artes e Humanidades II	11,8	19,6	66,1	11,8	2,0	-83,1	0,0	17,6	>>
Ciencias da Saúde	4,0	2,0	-50,0	4,0	2,0	-50,0	0,0	0,0	>>
Científico	2,9	5,8	100,0	2,9	2,9	0,0	0,0	2,9	>>
Tecnolóxico	1,0	2,0	100,0	1,0	0,0	-100,0	0,0	2,0	>>
Xurídico-Social	15,3	17,7	15,7	15,3	4,7	-69,3	0,0	13,0	>>
Xurídico-Social I	7,5	13,4	78,7	7,5	1,5	-80,0	0,0	11,9	>>
Xurídico-Social II	22,6	22,6	0,0	22,6	3,2	-85,8	0,0	19,4	>>
Xurídico-Social III	20,4	22,9	12,3	20,4	8,3	-59,3	0,0	14,6	>>
Xurídico-Social IV	1,9	1,9	0,0	1,9	0,0	-100,0	0,0	1,9	>>

#### 9.3.3 Evolución das persoas que preparan oposicións segundo os estudos de grao

A preparación de oposicións aparece pola vez primeira en oito graos (Enxeñaría Eléctrica, Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Ciencias Ambientais, Educación Social, Administración e Dirección de Empresas, Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais, Ciencias do Mar e en Enxeñaría Mecánica), experimentado un crecemento considerábel en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (198,1%), Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, Xeografía e Historia e en Comercio (100,0% cada un), Tradución e Interpretación (75,0%), Educación Infantil (30,1%) e en Dereito (11,1%).

A maioría de persoas tituladas (83,9%) reside actualmente en Galicia, seguido por outras comunidades autónomas (11,9%) e o estranxeiro (4,2%).

Case a metade das persoas tituladas realizou estudos da rama Xurídico-Social (45,9%), seguido pola Tecnolóxica (27,0%), Artes e Humanidades (11,0%), Científica (9,3%) e, a máis distancia, Ciencias da Saúde (6,8%).

O 5,6% dos titulados/as durante o curso 2019/2020 tiña no momento de realizar a enquisa outra titulación universitaria<sup>45</sup> acabada, a maiores dos estudos de grao pola que foi inquirido. Deles, o 46,2% obtivera outro grao, 41,0% un ciclo curto<sup>46</sup> e 12,8% un ciclo longo<sup>47</sup>.

O 43,2% de persoas inquiridas ten un mestrado universitario, na súa inmensa maioría (90,7%) obtido logo despois de graduarse da titulación pola que foi entrevistado.

### 11.2 Situación socio-laboral actual

O 73,3% [58,7%] dos graduados/as durante o curso 2019/2020 traballaba no momento da realización da enquisa, sendo a ocupación masculina (75,6%) [61,5%] superior á feminina (71,4%) [56,7%].

Entre os que non traballaban, o 10,0% [11,5%] referiron que estaban a procurar emprego, 8,5% [9,1%] só opositaba, 7,7% [20,1%] só estudaba, e o 0,4% [0,7%] estaba noutras situacións<sup>48</sup>

O 11,4% [20,9%] dos titulados/as durante o curso 2019/2020 continuaba a estudar no momento da realización da enquisa, o 7,7% [20,1%] a tempo completo e o 3,7% [0,8%] conciliaba eses estudos co traballo. Deles, o 53,8% estudaba un mestrado, o 34,6% seguía estudos de doutoramento e o 11,5% estudaba un grao.

O 11,2% [9,1%] dos graduados/as durante o curso 2019/2020 preparaba oposicións no momento de responder a enquisa, un 8,5% [9,1%] a tempo completo e o 2,7% [0,0%] conciliaba o traballo coa preparación de oposicións.

<sup>45</sup> Estudos de grao ou ciclos extinguidos.

<sup>46</sup> Diplomatura (32,0%) e enxeñaría técnica (4,0%).

<sup>47</sup> Licenciatura (20,0%) e enxeñaría (4,0%).

<sup>48</sup> Xubilado, pensionista ou con invalidez (0,3%) e ao coidado familiar (0,2%).

### 11.3 Procura de emprego

O 10,0% [11,5%] estaba a procurar emprego na altura de responder a enquisa 9,00 meses atrás. A taxa de desemprego feminina (10,7%) [13,2%] é significativamente superior á masculina (9,0%) [9,0%], aínda que estes levan máis tempo medio a procurar emprego (9,16 meses contra 8,91 meses)

O desemprego de longa duración<sup>49</sup> afecta ao 9,8% de graduados/as sen emprego e o desemprego de moi longa duración<sup>50</sup> (8,4%) afecta máis a homes (14,8%) que a mulleres (4,4%).

O 18,8% das persoas tituladas nunca traballou logo de graduarse na UVigo no curso 2019/2020.

Os titulados/as con experiencia laboral tardaron un tempo medio de 5,94 meses en arranxar emprego despois da súa graduación na UVigo no curso 2019/2020. Excluídas as persoas que traballaban no momento de se graduar (32,4%), o tempo medio en arranxar emprego foi de 8,78 meses.

### 11.4 Emprego actual

A maioría dos graduados (79,8%) [87,4%] está a traballar en Galicia. O 15,0% [8,5%] traballa noutra comunidade autónoma e un 5,4% [4,1%] no estranxeiro. A proporción de mulleres que traballan fóra de Galicia (19,6%) é levemente inferior á emigración masculina (21,7%).

O 95,2% [95,3%] dos titulados/as que traballaban no momento de responder a enquisa facíanlo por conta allea, deles a maioría (59,2%), sen diferenzas significativas por sexo, gozaban de estabilidade laboral.

O 84,0% [75,0%] das persoas inquiridas traballaba a tempo completo, sendo significativa a maior frecuencia dos empregos a tempo parcial en mulleres (21,4% [28,9%] contra 8,8% [19,5%] de homes).

A maioría traballa na empresa privada (73,6%), seguido polo sector público (20,9%) e entidades non lucrativas<sup>51</sup> (5,4%), sen diferenzas significativas por sexo.

Os sectores que empregan a máis titulados/as son o ensino/docencia<sup>52</sup> (13,7%) e sanitario/saúde<sup>53</sup> (9,4%), seguido por enxeñaría<sup>54</sup> (7,5%), consultoría<sup>55</sup> (6,2%), investigación e actividades científicas<sup>56</sup> (5,1%).

O 91,2% dos titulados/as que traballaban desenvolven funcións de nivel universitario no seu traballo<sup>57</sup> (95,0% de homes contra 88,5% de mulleres).

---

<sup>49</sup> Entre 12-24 meses de procura de emprego.

<sup>50</sup> Máis de 24 meses de procura de emprego.

<sup>51</sup> Fundacións, ONGs, asociacións...

<sup>52</sup> 17,6% mulleres contra 8,1% homes.

<sup>53</sup> 12,5% de mulleres contra 5,0% homes.

<sup>54</sup> 12,6% homes contra 3,8% mulleres.

<sup>55</sup> 8,1% homes contra 4,8% mulleres.

<sup>56</sup> 8,1% homes contra 2,9% mulleres.

<sup>57</sup> Como directivo/a, mando intermedio e/ou técnico/a cualificado/a.

As áreas funcionais de traballo máis frecuentes en que traballan os graduados/as da UVigo son formación e ensino<sup>58</sup> (11,9%), servizos<sup>59</sup> (9,6%), I+D+i<sup>60</sup> e informática e tecnoloxía<sup>61</sup> (9,4% ambas), enxeñaría e construción<sup>62</sup> (8,7%), vendas/marketing<sup>63</sup> (7,9%), administración e finanzas<sup>64</sup> e en prevención e saúde<sup>65</sup> (6,7% ambas).

O 37,8% de persoas inquiridas están a traballar en empresas/entidades con menos de 50 empregados<sup>66</sup>. O 42,6% de graduados/as que traballaban esán empregados en grandes empresas<sup>67</sup>.

### 11.5 Valoración do traballo actual

A maioría de graduados/as (77,8%) desenvolve funcións específicas dos estudos de grao realizados na UVigo no curso 2019/2020, con diferenzas significativas entre homes (81,3%) e mulleres (75,2%).

A sobrecualificación<sup>68</sup> afecta ao 22,4% de persoas tituladas, sendo máis alta en mulleres (25,4%) que en homes (18,3%).

A infracualificación<sup>69</sup> (10,0%) afecta máis a homes (13,2%) que a mulleres (7,6%).

O 70,0% dos titulados/as que traballaban afirmaron estar bastante ou moi satisfeitos co seu traballo actual. Nunha escala de satisfacción do 1 ao 5, en que 1 significa “nada”, 2 “pouco”, 3 “algo”, 4 “bastante” e 5 “moito”, o nivel de satisfacción medio co emprego actual é de 3,88.

### 11.6 Satisfacción co itinerario académico

A maioría de persoas tituladas que participaron no estudo (58,5%) mostrouse bastante ou moi satisfeita cos estudos de grao realizados na UVigo no curso 2019/2020 (nivel de satisfacción medio de 3,58 nunha escala de 1 a 5).

A maioría (51,2%) está satisfeita coas competencias adquiridas ao realizar os estudos de grao na UVigo no curso 2019/2020 (nivel de satisfacción medio de 3,48 nunha escala de 1 a 5).

O 58,0% recomendaría bastante e moi satisfactoriamente a realización dos estudos de grao acabados na UVigo no curso 2019/2020 (nivel de satisfacción medio de 3,57 nunha escala de 1 a 5).

### 11.7 Satisfacción coa inserción laboral

A metade (50,2%) referiu estar bastante ou moi satisfeito coa capacitación achegada polos estudos de grao realizados para desenvolver a súa profesión (nivel de satisfacción medio de 3,35 nunha escala de 1 a 5).

<sup>58</sup> 14,9% mulleres contra 7,8% homes.

<sup>59</sup> 11,2% mulleres contra 7,3% homes.

<sup>60</sup> 16,4% homes contra 4,3% mulleres.

<sup>61</sup> 14,6% homes contra 5,6% mulleres.

<sup>62</sup> 13,7% homes contra 5,0% mulleres.

<sup>63</sup> 9,2% mulleres contra 5,9% homes.

<sup>64</sup> 8,6% mulleres contra 4,1% homes.

<sup>65</sup> 7,3% mulleres contra 5,9% homes.

<sup>66</sup> Empresas individuais (3,9%), microempresas (13,9%) e pequenas empresas (20,0%)

<sup>67</sup> Empresas/entidades con máis de 250 empregados.

<sup>68</sup> As exixencias do emprego actual son inferiores ao nivel académico adquirido na UVigo.

<sup>69</sup> As exixencias do emprego actual son superiores ao nivel académico adquirido na UVigo.

O 44,9% está satisfeito coa contribución á melloría da súa inserción laboral dos estudos de grao realizados na UVigo no curso 2019/2020 (nivel de satisfacción medio de 3,19 nunha escala de 1 a 5).

A maioría de graduados/as inquiridos (50,4%) referiu estar bastante ou moi satisfeito coa melloría do nivel socio-laboral conferido polos estudos de grao realizados na UVigo no curso 2019/2020 (nivel de satisfacción medio de 3,36 nunha escala de 1 a 5).

## BIBLIOGRAFÍA

*Estudo sobre a inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de grao no curso 2018/2019.* Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo. Consello Social-Universidade de Vigo (2022)

[http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/IIL\\_EG\\_2018-19\\_gl.pdf](http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/IIL_EG_2018-19_gl.pdf)

[Consult. 16/11/2022]

*Estudo sobre o impacto da pandemia de Covid-19 durante o ano 2021 nas persoas tituladas da UVigo. Xaneiro-Setembro de 2021.* Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo. Consello Social-Universidade de Vigo (2022)

<http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/Informe COVID-19 3 final gal.pdf>

[Consult. 20/5/2022]

*Estudo sobre o impacto laboral da segunda onda da pandemia de Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo. Setembro-Decembro de 2020.* Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo. Consello Social-Universidade de Vigo (2021)

<http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/Informe COVID-19 2 final gl.pdf>

[Consult. 23/3/2022]

*Estudo sobre o impacto laboral da primeira onda da pandemia de Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo. Marzo-Xuño de 2020.* Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo. Consello Social-Universidade de Vigo (2020)

<http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/Informe COVID-19 1 final gl.pdf>

[Consult. 23/3/2022]

*Estudo sobre a situación profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo. Promocións de 1990-2015.* Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo. Consello Social-Universidade de Vigo (2018)

[http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/IIL\\_1990-15\\_gl.pdf](http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/IIL_1990-15_gl.pdf)

[Consult. 23/3/2022]

*101 titulacións da Universidade de Vigo (1990-2015). Formación complementar e especialización profesional das persoas tituladas.* Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo. Consello Social-Universidade de Vigo (2019)

[http://observatorio.egresados.webs.uvigo.es/wp-content/uploads/2020/12/100\\_Titulacions\\_uvigo\\_gl.pdf](http://observatorio.egresados.webs.uvigo.es/wp-content/uploads/2020/12/100_Titulacions_uvigo_gl.pdf)

[Consult. 23/3/2022]

*71.487 persoas tituladas da Universidade de Vigo (1990-2015). Evolución da oferta académica.* Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo. Consello Social-Universidade de Vigo (2017)

[http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/IPT\\_1990-15\\_gl.pdf](http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/IPT_1990-15_gl.pdf)

[Consult. 23/3/2022]

*Estudo sobre a situación profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo. Promocións de 2005-2010.* Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Consello Social-Universidade de Vigo (2015)

[http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/IIL\\_2005-10\\_gl.pdf](http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/IIL_2005-10_gl.pdf)

[Consult. 23/3/2022]

*Estudo sobre a experiencia académica e profesional das persoas tituladas da UVigo. Promocións de 2008 e 2009.* Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Consello Social-Universidade de Vigo (2014)

[http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/IIL\\_2008-09\\_gl.pdf](http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/IIL_2008-09_gl.pdf)

[Consult. 23/3/2022]

*Estudo sobre a experiencia académica e profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo. Promocións de 2006 e 2007.* Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Consello Social-Universidade de Vigo (2013)

[http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/IIL\\_2006-07\\_gl.pdf](http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/IIL_2006-07_gl.pdf)

[Consult. 23/3/2022]

*Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2013-2014* (EILGraduados1314), ACSUG (2018)

<http://www.acsug.es/sites/default/files/arquivos/Resultados%20no%20SUG%20EIL1314.pdf>

[Consult. 23/3/2022]

*Estudo da inserción laboral dos titulados en Másteres no Sistema Universitario de Galicia 2013-2014* (EILMásteres1314), ACSUG (2019)

<http://www.acsug.es/sites/default/files/Resumo%20executivo%20masteres%201314.pdf>

[Consult. 23/3/2022]

## ANEXOS





## Anexo 1: Cuestionario aplicado

### ENQUISA DE INSERCIÓN LABORAL DAS PERSOAS TITULADAS EN ESTUDOS DE GRAO NO CURSO ACADÉMICO 2019/2020

*O Observatorio de Persoas Tituladas é un proxecto do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de facer o seguimento da inserción laboral dos antigos estudantes. Con ese fin realizamos periodicamente enquisas como esta ás persoas tituladas da UVigo.*

Comezamos!!

\* Pregunta obrigatoria

P1. Consentimento inicial\*

Son titulada/o da UVigo no curso 2019/2020 e desexo participar voluntariamente nesta Enquisa de Inserción Laboral

Bloque 1: Información introdutoria

P2. Localidade de residencia\*

*Indica a poboación/localidade da túa residencia actual*

P3. Código Postal\*

*Indica o código postal do teu lugar de residencia actual*

P4. Provincia/Rexión

*Indica a provincia/rexión do teu lugar de residencia actual.*

P5. País

*Indica o país onde resides actualmente*

Formación universitaria

P6. Estudos de grao realizados na UVigo

*Escolle o Grao finalizado na UVigo no curso 2019/2020*

P7. Campus\* (marca só unha opción)

*Indica o Campus da UVigo en que obtiveches o título indicado na pregunta anterior*

- Ourense
- Pontevedra
- Vigo
- CUD – ENM Marín

P8. Posúes outra titulación universitaria? \*

*Indica se posúes unha titulación universitaria adicional (outro Grao, Licenciatura, Enxeñaría Superior, Diplomatura ou Enxeñaría Técnica)*

- Si >> (PASAR A P9)
- Non >> (PASAR A P12)

P9. Titulación adicional obtida

*Indica o nome do/s outro/s título/s universitario/s que posúes (por ex., Enxeñaría de Minas, Licenciatura en Tradución e Interpretación, Enxeñaría Técnica Forestal...):*

P10. Ano en que obtiveches a titulación adicional

*Indica o ano en que obtiveches o/s outro/s título/s universitario/s referido/s na pregunta anterior:*

P11. Universidade en que obtiveches a titulación adicional

*Indica a universidade/s en que obtiveches o/s título/s adicional referido/s na pregunta anterior:*

P12. Realizaches algún mestrado universitario? \*

*Esta pregunta refírese a se completaches algún Mestrado*

- Si >> (PASAR A P13)
- Non >> (PASAR A P16)

P13. Título do mestrado

*Indica o nome do/s mestrado/s que realizaches:*

P14. Ano en que obtiveches o mestrado

*Indica o ano en que obtiveches o/s Mestrado/s referido/s na pregunta anterior:*

P15. Universidade en que realizaches o mestrado

*Indica a universidade ou centro onde obtiveches o/s título/s de mestrado referido/s na pregunta anterior:*

P16. Posúes o título de doutoramento? \*

- Si >> (PASAR A P17)
- Non >> (PASAR A P19)

P17. Programa de doutoramento realizado

*Indica o programa dos estudos de doutoramento realizado:*

P18. Universidade onde obtiveches o doutoramento

*Indica a universidade onde completaches o teu título de doutoramento:*

Bloque 2: Situación actual

P19. Situación socio-laboral actual\*

*Escolle a opción que mellor describa a túa situación socio-laboral no momento de responder esta enquisa. Se estiveres pluriempregado/a, indica a resposta que mellor defina a túa actividade principal.*

- Emprego por conta allea na empresa privada >> (PASAR A P23)
- Funcionario/traballo para a administración pública >> (PASAR A P23)
- Traballador/a autónomo/a >> (PASAR A P25)
- Empresario/a (titular dunha empresa) >> (PASAR A P25)
- Desempregado/procurando emprego >> (PASAR A P25)
- Xubilado, pensionista ou con invalidez >> (PASAR A P25)
- Curso estudos universitarios >> (PASAR A P20)
- Preparo oposicións >> (PASAR A P25)
- Baixa/excedencia laboral >> (PASAR A P25)
- Coidado familiar >> (PASAR A P25)
- Outra situación: Indicar cal: >> (PASAR A P25)

P20. De que tipo son os estudos que realizas? (marca só unha opción)

- Grao
- Mestrado
- Doutoramento

P21. Que estudos realizas?

*Indica a titulación que estás a realizar neste momento referida na pregunta anterior*

*En caso de realizar estudos de doutoramento indica o Programa de Doutoramento en que estás matriculado/a*

P22. Universidade onde realizas os estudos universitarios

*Indica a universidade onde estás a realizar actualmente os estudos referidos na pregunta anterior*

>>PASAR A P25

P23. Tipo de contrato (marca só unha opción)

*Indica o tipo de contrato do teu emprego actual*

- Indefinido
- Temporal/eventual
- Por obra/servizo
- En prácticas
- Bolsa
- Outro: Indicar cal

P24. Xornada laboral

*Indica se traballas a xornada completa ou a tempo parcial*

- Completa
- Tempo parcial (menos de 40 horas á semana)

P25. Tempo que levas na situación socio-laboral actual (en meses)

*Indica o número de MESES que levas na situación actual descrita anteriormente (como empregado/a na empresa privada, emprego no sector público, desempregado/a, traballador/a autónomo/a, empresario/a, estudante...):*

P26. Actualmente traballas?<sup>70</sup> (marca só unha opción) \*

- Si >> PASAR A P27
- Non >> PASAR A P38

Bloque 3: Características do emprego actual

*Responde as seguintes preguntas sobre o teu posto de traballo actual*

P27. Lugar de traballo\*

*Indica a poboación/localidade onde se localiza a empresa/entidade en que traballas actualmente (independentemente do país en que residas):*

P28. País

*País onde se encontra a empresa/entidade en que traballas actualmente*

P29. Rama de actividade \*

*Indica a rama de actividade da empresa/entidade en que traballas actualmente*

- Empresa privada
- Ámbito público
- Entidade non lucrativa (fundación, ONG, asociación...)

P30. Sector económico

*Indica o sector económico da empresa/entidade do teu emprego actual*

- Actividades físico/deportivas
- Actividades inmobiliarias
- Actividades profesionais (avogacía, tradutor/a, artista...)
- Administración pública (servizos centrais, Facenda, Xustiza...)
- Aeroespacial
- Agricultura, gandería, caza e pesca (sector primario)
- Alimentación/Industria alimentar
- Automoción
- Banca, servizos financeiros e seguros
- Comercio<sup>70</sup>
- Construción
- Consultoría
- Cultura e entretemento
- Defensa e seguranza
- Enerxía e utilities
- Ensino/docencia
- Enxeñaría
- Farmacéutico
- Industria química, plástico, vidro e envases
- Investigación/Actividades científicas
- Loxística, transporte e distribución
- Madeira
- Medios de comunicación/Audiovisuais
- Metalurxia e eléctrico
- Minaría
- Papel, gráficas, edición e reprodución
- Sanitario/saúde
- Servizos a empresas
- Servizos informáticos
- Servizos sociais
- Silvicultura/forestal
- Telecomunicacións/IT
- Têxtil e confección
- Turismo e restauración/HORECA
- Xestión ambiental

P31. Categoría do teu posto de traballo (marca só unha opción) \*

*Indica a responsabilidade que desempeñas no teu emprego actual*

- Técnico/a cualificado/a

---

<sup>70</sup> Inclúe venda grosista e retalista.

- Directivo/a
- Mando intermedio
- Emprego non cualificado

P32. Área funcional/departamento (marca só unha opción)

*Indica o departamento do posto de traballo na empresa/entidade en que traballas*

- Administración e finanzas
- Atención ao cliente/usuario
- Calidade
- Compras
- Dirección xeral
- Enxeñaría e construción
- Formación e ensino
- I+D+i
- Informática e tecnoloxía
- Loxística e almacén
- Prevención e saúde
- Produción
- Recursos humanos
- Servizos
- Vendas/marketing
- Xestión de proxectos
- Non existen áreas funcionais diferenciadas na empresa/entidade
- Outra. Indicar cal:

P33. Tamaño da empresa/entidade en que traballas

*Indica o número de empregados/as da empresa/entidade en que traballas.*

*No caso dunha empresa con varios centros de traballo, referímonos ao número de traballadores/as do conxunto da organización*

- 1
- 2-9
- 10-49
- 50-249
- 250-999
- 1000 empregados/as ou máis

Bloque 4: Valoración do emprego actual

P34. Relación do teu actual emprego cos estudos de grao realizados na UVigo no curso 2019/2020 \*

- Están relacionados
- Están pouco relacionados
- Non teñen ningunha relación

P35. Relación do teu actual emprego co teu nivel académico adquirido no grao realizado na UVigo no curso 2019/2020 \*

- Inferior ao meu nivel académico
- Adecuado ao meu nivel académico
- Superior ao meu nivel académico

P36. Valoración do teu emprego actual

*Escala de valoración: 1 (Moi insatisfeito/a) → 5 (Moi satisfeito/a)*

P37. O teu primeiro emprego é o actual?

- Si
- Non

Bloque 5: Satisfacción co itinerario académico e coa inserción laboral

P38. Indica a túa satisfacción cos seguintes aspectos sobre o grao realizado na UVigo

*Escala de valoración: 1 (moi insatisfactorio) → 5 (moi satisfactorio)*

- Valoración global do grao realizado:
- Competencias adquiridas ao realizar os estudos de Grao:
- Recomendaría a realización deste Grao:

P39. Indica a túa satisfacción global cos seguintes aspectos sobre a inserción laboral do grao realizado na UVigo

*Escala de valoración: 1 (moi insatisfactorio) → 5 (moi satisfactorio)*

- O grao realizado no curso 2019/2020 capacitoume para desenvolver a miña profesión:
- A realización do grao facilitou a miña inserción laboral:
- O grao realizado contribuíu a mellorar o meu nivel socio-laboral:

P40. Tráballoches algunha vez desde que acabaches o grao no curso 2019/2020? \*

- Si >> (PASAR A P41)
- Non, nunca traballei >> (PASAR A P42)

P41. Canto tempo transcorreu desde que finalizaches o grao ata encontrar emprego? \*

*Indica o tempo (en meses) que tardaches en encontrar emprego despois de finalizar o Grao realizado na UVigo no curso 2019/2020*

*Indica 0 (CERO meses) se xa traballabas antes de finalizar o Grao*

Bloque 6: Situación un ano após acabar os estudos

P42. Cal era a túa situación socio-laboral un ano despois de acabar os estudos? \*

*ATENCIÓN! Debes situarte un ano despois de acabar o Grao avaliado nesta enquisa e escoller a opción que mellor describa a túa situación socio-laboral*

*En caso de pluriemprego, indica a resposta que mellor defina a túa actividade principal*

- Emprego por conta allea na empresa privada >> (PASAR A P43)
- Funcionario/traballo para a administración pública >> (PASAR A P43)
- Traballador/a autónomo/a >> (PASAR A P44)
- Empresario/a (titular dunha empresa) >> (PASAR A P44)
- Desempregado/procurando emprego >> (PASAR A P45)
- Xubilado, pensionista ou con invalidez >> (PASAR A P45)
- Curso estudos universitarios >> (PASAR A P45)
- Preparo oposicións >> (PASAR A P45)
- Baixa/excedencia laboral >> (PASAR A P44)
- Coidado familiar >> (PASAR A P45)
- Outra situación: Indicar cal: >> (PASAR A P45)

P43. Xornada laboral do emprego que tiñas un ano despois de acabar os estudos na UVigo \*

- Completa
- Tempo parcial (menos de 40 horas á semana)

P44. Lugar de traballo\*

*Indica onde traballabas un ano despois de acabar o Grao na UVigo*

- Traballaba en Galicia
- Traballaba noutra comunidade autónoma
- Traballaba no estranxeiro

Anonimización e verificación

P45. Código de verificación\*

*Indica as dúas primeiras cifras, as dúas cifras finais e letra do seu número de identidade (DNI, NIE ou Pasaporte)*

*Formato da resposta: Primeiros dous valores do teu n° de identidade [GUIÓN] últimos dous valores do teu n° de identidade [GUIÓN] letra do teu n° de identidade. Exemplo: Para o n° de identidade 12345678Z debes indicar 12-78-Z*

P46. Sexo\*

- Home
- Muller

P47. Dirección de correo electrónico (opcional)

*Indica a conta de correo electrónico na que queres recibir os resultados deste Estudo de Inserción Laboral*

P48. PREGUNTA ABERTA

Se desexas engadir algún comentario que consideres relevante para os fins deste estudo, por favor, faino constar nesta pregunta aberta:

P49. CONSENTIMENTO RGPD\*

Definición da Política de Privacidade

Lin e acepto a Política de Privacidade descrita neste consentimento.

## Anexo 2: Mensaxes de presentación do cuestionario

### Primeiro envío

Asunto: Enquisa de inserción laboral a graduados/as da UVigo | Curso 2019/2020

Corpo:

*Prezada titulada/o,*

*Pasados dous anos da túa graduación na UVigo en estudos de Grao no curso 2019-20 é chegado o momento de saber como foi a inserción laboral das persoas tituladas da túa promoción e a satisfacción cos estudos realizados.*

*Para iso solicitamos a túa participación na Enquisa [ anónima ] de Inserción Laboral que acabamos de abrir destinada a todos os antigos estudantes que, como no teu caso, realizaron un título de grao ese curso.*

► *Accede ao Cuestionario da Enquisa*<sup>71</sup>

*Preparamos un vídeo-resumo onde, en menos de 3 minutos, poderás saber as preguntas que vas encontrar na enquisa >> Ver Vídeo*<sup>72</sup>

*Para máis información, clicando en FAQs encontrarás todo o que precisas saber antes de participar neste estudo de inserción laboral que estamos a realizar coa colaboración do Consello Social da UVigo >> FAQs*<sup>73</sup>

*E porque queremos estar máis cerca de ti, temos a nosa páxina de LinkedIn sempre actualizada. Clica aquí*<sup>74</sup> *e comeza a seguirmos para estares informada/o sobre a empregabilidade de anteriores promocións.*

*Agradecendo de antemán a túa atención e o teu tempo, esperamos contar coa túa participación!*

*Recibe un cordial saúdo,*

*Luis Espada  
Director do Observatorio*

### Primeira reiteración

Asunto: Solicitamos a túa colaboración (segundo envío)

Corpo:

*Prezada titulada/o,*

*Contactamos novamente contigo para solicitar a túa colaboración e participes na Enquisa (anónima) de Inserción Laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de Grao no curso 2019/20.*

► *Accede ao Cuestionario da Enquisa*<sup>75</sup>

*Por que é importante a túa colaboración?*

*A túa participación é moi importante para coñecer como está a funcionar no mercado de traballo a titulación que realizaches e poder determinar indicadores de inserción laboral como a taxa de ocupación, taxa de desemprego, tempo en encontrar emprego, se continúas a estudar ou se o teu posto de traballo está relacionado cos estudos realizados na UVigo.*

---

<sup>71</sup> <https://forms.office.com/Pages/ResponsePage.aspx?id=gF-EVtYEjEKYqTRT7f-KHptu01jVpiZJjEcGr2xUuopURTFRvjdZM1BCNlgxNEZJUldHTzdIRzdaNS4u>

<sup>72</sup> <https://www.youtube.com/watch?v=GOCQxm2W8KA>

<sup>73</sup> <http://observatorio.uvigo.gal/enquisas-de-insercion-laboral-curso-2019-2020/>

<sup>74</sup> <https://www.linkedin.com/company/observatorio-uvigo>

<sup>75</sup> <https://forms.office.com/Pages/ResponsePage.aspx?id=gF-EVtYEjEKYqTRT7f-KHptu01jVpiZJjEcGr2xUuopURTFRvjdZM1BCNlgxNEZJUldHTzdIRzdaNS4u>

- > *Vídeo-guía da Enquisa*<sup>76</sup>
- > *FAQS*<sup>77</sup>

*Lembra que podes manterte conectado/a connosco facéndote seguidor/a da nosa Páxina de LinkedIn*<sup>78</sup>. Estes días estamos a divulgar os resultados dun macroestudo que realizamos sobre inserción laboral das persoas tituladas da UVigo nos últimos 30 anos.

*Agradecendo de antemán a túa atención e o teu tempo, contamos coa túa participación!*

*Recibe un cordial saúdo,*

*Luis Espada  
Director do Observatorio*

### Segunda reiteración

Asunto: Solicitamos a túa colaboración (último envío)

Corpo:

*Prezada titulada/o,*

*Sabemos que a ningúen lle gustan as enquisas. Pero son necesarias. Neste caso, para coñecer a inserción laboral das persoas tituladas da UVigo no curso 2019/20, iniciativa que acaba de ser recollida polo DUVI (Diario da UVigo)*<sup>79</sup>.

*Por iso, por terceira e última vez, solicitamos a túa colaboración e agradeceríamos que respondeses o seguinte cuestionario:*

- ▶ *Accede ao Cuestionario da Enquisa*<sup>80</sup>

*Moitos colegas da túa promoción xa o fixeron!!*

*Tamén queremos saber en que materias podería ser útil a transmisión da túa experiencia profesional coa túa participación en cursos, conferencias e/ou seminarios.*

- > *FAQs da enquisa*<sup>81</sup>
- > *Vídeo-guía da enquisa*<sup>82</sup>

*Importante !*

- ◆ *Esta mensaxe non foi enviada aos antigos estudantes que xa responderon a enquisa nos envíos anteriores polo que, se fose o teu caso, ignora este aviso.*
- ◆ *Para deixares de recibir comunicacións do Observatorio tan só tes que responder este correo indicando no asunto a palabra "BAIXA".*

*Se aínda non nos segues en LinkedIn convidámoste a facelo **AQUÍ***<sup>83</sup> *para estares informada/o das actividades de interese para o antigo estudiantado.*

*Agradecendo moito a túa atención e o teu tempo, quedamos á espera da túa participación.*

<sup>76</sup> <https://www.youtube.com/watch?v=GOCQxm2W8KA>

<sup>77</sup> <http://observatorio.uvigo.gal/enquisas-de-insercion-laboral-curso-2019-2020/>

<sup>78</sup> <https://www.linkedin.com/company/observatorio-uvigo>

<sup>79</sup> <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/observatorio-persoas-tituladas-lanza-nova-enquisa-empregabilidade-egresados-uvigo>

<sup>80</sup> <https://forms.office.com/Pages/ResponsePage.aspx?id=gF-EVtYEjEKYqTRT7f-KHptu01jVpiZJjEcGr2xUuopUMk1WNU1HRDVTRUFXUDg3QkxFTjJTRFVFNc4u>

<sup>81</sup> <http://observatorio.uvigo.gal/enquisas-de-insercion-laboral-curso-2019-2020/>

<sup>82</sup> <https://www.youtube.com/watch?v=GOCQxm2W8KA>

<sup>83</sup> <https://www.linkedin.com/company/observatorio-uvigo>

*Recibe un cordial saúdo,*

*Luis Espada  
Director do Observatorio*

Terceira reiteración (extraordinaria)

Asunto: IMPORTANTE! Titulados/as no Grao en Xeografía e Historia

Corpo:

*Prezada titulada/o,*

*Cos tres anteriores envíos conseguimos unha mostra representativa do conxunto de persoas tituladas da UVigo no curso 2019/20. Sen embargo, detectamos que a taxa de resposta do Grao en Xeografía e Historia aínda non alcanza a mostra esperada en comparación coas respostas obtidas noutros graos da túa promoción.*

*Por iso, de forma extraordinaria, solicitamos a túa participación na enquisa a fin de podermos coñecer de forma precisa a inserción laboral dos estudos da túa promoción e que o informe que publiquemos sexa o máis representativo.*

► *Cuestionario da Enquisa*<sup>84</sup>

*Recursos:*

*- FAQs*<sup>85</sup>

*- Vídeo-guía*<sup>86</sup>

*Exclusiva !*

◆ *Acabamos de publicar na nosa páxina Web os resultados do estudo de inserción laboral da promoción de titulados/as no curso 2018/2019 > Ver resultados*<sup>87</sup>

*Lembra que...*

◆ *Esta mensaxe non foi enviada aos antigos estudantes que responderon a enquisa nos envíos anteriores polo que, se é o teu caso, ignora este aviso.*

◆ *Para deixares de recibir comunicacións do Observatorio tan só tes que responder este correo indicando no asunto a palabra BAIXA.*

*Agradecendo moito a túa atención, contamos coa túa colaboración!*

*Recibe un cordial saúdo,*

*Luis Espada  
Director do Observatorio*

---

<sup>84</sup> <https://forms.office.com/Pages/ResponsePage.aspx?id=gF-EVtYEjEKYqTRT7f-KHptu01jVpiZJjEcGr2xUuopUNDFZRjI2Q0E5TTg2MIZPSEZRSUxLOENEWS4u>

<sup>85</sup> <http://observatorio.uvigo.gal/enquisas-de-insercion-laboral-curso-2019-2020/>

<sup>86</sup> <https://www.youtube.com/watch?v=GOCQxm2W8KA&t=2s>

<sup>87</sup> <http://observatorio.uvigo.gal/insercion-laboral/informes/insercion-laboral-2018-2019/#grao>



## Anexo 3: Distribución das titulacións por rama de coñecemento

### **Artes e Humanidades**

#### **Artes e Humanidades I**

Belas Artes  
Xeografía e Historia

#### **Artes e Humanidades II**

Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios  
Estudos de Galego e Español  
Linguas Estranxeiras  
Tradución e Interpretación

### **Ciencias da Saúde**

Enfermaría  
Fisioterapia

### **Científica**

Biloxía  
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos  
Ciencias Ambientais  
Ciencias do Mar  
Química

### **Tecnolóxica**

Enxeñaría Aeroespacial  
Enxeñaría Agraria  
Enxeñaría da Enerxía  
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación  
Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos  
Enxeñaría Eléctrica  
Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática  
Enxeñaría en Organización Industrial  
Enxeñaría en Química Industrial  
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais  
Enxeñaría Forestal  
Enxeñaría Informática  
Enxeñaría Mecánica  
PCEO Administración e Dirección de Empresas/Enxeñaría Informática

### **Xurídico-Social**

#### **Xurídico-Social I**

Administración e Dirección de Empresas  
Comercio  
Economía

#### **Xurídico-Social II**

Dereito  
Dirección e Xestión Pública  
PCEO Administración e Dirección de Empresas/Dereito  
Relacións Laborais e Recursos Humanos

#### **Xurídico-Social III**

Ciencias da Actividade Física e do Deporte

Educación Infantil

Educación Primaria

Educación Social

Traballo Social

**Xurídico-Social IV**

Comunicación Audiovisual

Publicidade e Relacións Públicas

Turismo

## Anexo 4: Situación do mercado de traballo das persoas tituladas residentes en Galicia por concellos

	Emprego	Desemprego	Inactividade
A Caniza	100,0	0,0	0,0
A Coruña	82,9	8,6	8,6
A Estrada	75,0	0,0	25,0
A Guarda	100,0	0,0	0,0
A Lama	100,0	0,0	0,0
A Laracha	100,0	0,0	0,0
A Pobra de Trives	0,0	0,0	100,0
Abegondo	0,0	0,0	100,0
Allariz	100,0	0,0	0,0
Ames	66,7	0,0	33,3
Arteixo	100,0	0,0	0,0
As Neves	75,0	25,0	0,0
Barbadás	66,7	0,0	33,3
Barreiros	100,0	0,0	0,0
Betanzos	50,0	0,0	50,0
Boiro	100,0	0,0	0,0
Bueu	60,0	20,0	20,0
Cabana de Bergantiños	100,0	0,0	0,0
Caldas de Reis	100,0	0,0	0,0
Cambados	0,0	0,0	100,0
Cambre	50,0	50,0	0,0
Cangas	45,5	18,2	36,4
Carballeda de Avia	0,0	0,0	100,0
Carballo	50,0	33,3	16,7
Cariño	0,0	0,0	100,0
Cartelle	0,0	0,0	100,0
Celanova	33,3	0,0	66,7
Cerceda	100,0	0,0	0,0
Cerdedo-Cotobade	66,7	0,0	33,3
Cerdido	0,0	100,0	0,0
Chantada	50,0	0,0	50,0
Coles	100,0	0,0	0,0
Cuntis	0,0	0,0	100,0
Esgos	100,0	0,0	0,0
Fene	100,0	0,0	0,0
Ferrol	0,0	100,0	0,0
Forcarei	100,0	0,0	0,0
Friol	100,0	0,0	0,0
Gondomar	100,0	0,0	0,0
Illa de Arousa	50,0	0,0	50,0
Irixoa	0,0	100,0	0,0
Lalín	100,0	0,0	0,0
Lugo	37,5	50,0	12,5
Marín	50,0	0,0	50,0
Maside	100,0	0,0	0,0
Meis	0,0	100,0	0,0
Moaña	69,2	15,4	15,4
Mondariz	33,3	0,0	66,7
Monforte de Lemos	80,0	0,0	20,0
Monterroso	100,0	0,0	0,0
Moraña	100,0	0,0	0,0
Mos	100,0	0,0	0,0
Mugardos	100,0	0,0	0,0
Narón	100,0	0,0	0,0
Negreira	100,0	0,0	0,0
Nigrán	100,0	0,0	0,0

**Observatorio de Persoas Tituladas | Consello Social**

O Carballiño	100,0	0,0	0,0
O Grove	0,0	100,0	0,0
O Porriño	75,0	0,0	25,0
O Rosal	0,0	0,0	100,0
Oleiros	50,0	50,0	0,0
Ordes	50,0	0,0	50,0
Ourense	70,8	5,6	23,6
Outeiro de Rei	100,0	0,0	0,0
Oza-Cesuras	100,0	0,0	0,0
Paradela	100,0	0,0	0,0
Petín	0,0	100,0	0,0
Poio	37,5	25,0	37,5
Ponte Caldelas	0,0	0,0	100,0
Ponteareas	50,0	16,7	33,3
Pontedeume	0,0	100,0	0,0
Pontevedra	68,9	11,1	20,0
Redondela	66,7	8,3	25,0
Rianxo	100,0	0,0	0,0
Ribadavia	100,0	0,0	0,0
Rois	100,0	0,0	0,0
Salceda de Caselas	66,7	16,7	16,7
Salvaterra de Miño	50,0	50,0	0,0
San Cristovo de Cea	100,0	0,0	0,0
Santiago de Compostela	63,6	13,6	22,7
Sanxenxo	50,0	50,0	0,0
Silleda	80,0	0,0	20,0
Soutomaior	100,0	0,0	0,0
Tomiño	50,0	50,0	0,0
Touro	100,0	0,0	0,0
Tui	100,0	0,0	0,0
Valdoviño	100,0	0,0	0,0
Verín	0,0	0,0	100,0
Vigo	80,1	9,2	10,7
Vilagarcía de Arousa	62,5	12,5	25,0
Xinzo de Limia	0,0	100,0	0,0
Xunqueira de Ambía	100,0	0,0	0,0

Anexo 5: Situación socio-laboral segundo a rama de coñecemento por sexo

Home

	Artes e Humanidades	Artes e Humanidades I	Artes e Humanidades II	Ciencias da Saúde	Científico	Tecnolóxico	Xurídico-Social	Xurídico-social I	Xurídico-Social II	Xurídico-Social III	Xurídico-Social IV
<b>Emprego na empresa privada</b>	16,7	10,0	25,0	42,9	54,2	68,5	45,4	58,6	42,9	34,3	50,0
<b>Emprego no sector público</b>	22,2	30,0	12,5	42,9	0,0	8,9	8,2	6,9	14,3	8,6	0,0
<b>Autoemprego</b>	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	1,4	7,2	3,4	4,8	8,6	16,7
<b>Empresario</b>	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,7	1,0	0,0	4,8	0,0	0,0
<b>Estuda e traballa</b>	0,0	0,0	0,0	0,0	4,2	5,5	6,2	3,4	4,8	11,4	0,0
<b>Oposita e traballa</b>	5,6	0,0	12,5	0,0	4,2	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
<b>Baixa /excedencia</b>	0,0	0,0	0,0	7,1	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
<b>Desempregado</b>	11,1	0,0	25,0	0,0	16,7	6,8	11,3	6,9	4,8	17,1	16,7
<b>Só estuda</b>	11,1	10,0	12,5	7,1	16,7	6,2	5,2	10,3	4,8	0,0	8,3
<b>Só oposita</b>	22,2	30,0	12,5	0,0	4,2	2,1	15,5	10,3	19,0	20,0	8,3
<b>Pensionista</b>	11,1	20,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0

Muller

	Artes e Humanidades	Artes e Humanidades I	Artes e Humanidades II	Ciencias da Saúde	Científico	Tecnolóxico	Xurídico-Social	Xurídico-Social I	Xurídico-Social II	Xurídico-Social III	Xurídico-Social IV
<b>Emprego na empresa privada</b>	23,8	30,0	20,9	30,6	44,4	81,1	50,8	73,7	56,1	36,1	68,3
<b>Emprego no sector público</b>	7,9	5,0	9,3	63,9	2,2	5,7	9,9	2,6	4,9	14,8	7,3
<b>Autoemprego</b>	11,1	0,0	16,3	0,0	2,2	0,0	1,7	0,0	2,4	1,6	2,4
<b>Empresaria</b>	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,8	0,0	0,0	0,8	2,4
<b>Estuda e traballa</b>	1,6	5,0	0,0	0,0	8,9	5,7	1,7	0,0	0,0	1,6	4,9
<b>Oposita e traballa</b>	0,0	0,0	0,0	2,8	2,2	0,0	6,6	2,6	4,9	10,7	0,0
<b>Baixa/excedencia</b>	1,6	5,0	0,0	2,8	0,0	0,0	0,4	0,0	0,0	0,8	0,0
<b>Desempregada</b>	20,6	35,0	14,0	0,0	13,3	0,0	11,6	5,3	4,9	16,4	9,8
<b>Só estuda</b>	19,0	15,0	20,9	0,0	22,2	5,7	4,5	2,6	7,3	4,1	4,9
<b>Só oposita</b>	14,3	5,0	18,6	0,0	2,2	1,9	12,0	13,2	19,5	13,1	0,0
<b>Coidado familiar</b>	0,0	0,0	0,0	0,0	2,2	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0

Anexo 6: Situación socio-laboral segundo os estudos grao realizados

Administración e Dirección de Empresas > Ciencias do Mar

	Administración e Dirección de Empresas	PCEO ADE/Dereito	PCEO ADE/Enxeñaría Informática	Belas Artes	Bioloxía	Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	Ciencias Ambientais	Ciencias da Actividade Física e do Deporte	Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	Ciencias do Mar
Emprego na empresa privada	73,8	61,5	100,0	26,9	41,2	55,6	54,5	52,6	0,0	36,8
Emprego no sector público	2,4	0,0	0,0	11,5	5,9	0,0	0,0	10,5	0,0	0,0
Autoemprego	2,4	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	9,1	15,8	0,0	0,0
Empresario/a	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Estuda e traballa	2,4	0,0	0,0	3,8	5,9	0,0	0,0	5,3	0,0	15,8
Oposita e traballa	2,4	0,0	0,0	0,0	0,0	11,1	0,0	10,5	25,0	0,0
Baixa/excedencia laboral	0,0	0,0	0,0	3,8	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Desemprego	9,5	0,0	0,0	26,9	17,6	0,0	9,1	0,0	50,0	26,3
Só estuda	2,4	15,4	0,0	15,4	29,4	33,3	18,2	0,0	0,0	15,8
Só oposita	4,8	23,1	0,0	7,7	0,0	0,0	9,1	5,3	25,0	5,3
Coidado familiar	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Pensionista/con invalidez	0,0	0,0	0,0	3,8	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0

Comercio > Enxeñaría Aeroespacial

	Comercio	Comunicación Audiovisual	Dereito	Dirección e Xestión Pública	Economía	Educación Infantil	Educación Primaria	Educación Social	Enfermería	Enxeñaría Aeroespacial
Emprego na empresa privada	72,7	52,9	35,0	28,6	42,9	35,3	26,0	39,1	18,4	87,5
Emprego no sector público	0,0	5,9	0,0	28,6	14,3	11,8	14,0	13,0	73,7	0,0
Autoemprego	0,0	11,8	0,0	14,3	0,0	0,0	2,0	0,0	0,0	0,0
Empresario/a	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	4,3	0,0	0,0
Estuda e traballa	0,0	5,9	5,0	0,0	0,0	2,0	6,0	0,0	0,0	6,3
Oposita e traballa	0,0	0,0	5,0	14,3	0,0	13,7	8,0	0,0	2,6	0,0
Baixa/excedencia laboral	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	2,0	0,0	0,0	2,6	0,0
Desemprego	0,0	11,8	5,0	0,0	0,0	21,6	14,0	30,4	0,0	0,0
Só estuda	9,1	5,9	5,0	14,3	14,3	2,0	4,0	4,3	2,6	6,3
Só oposita	18,2	5,9	45,0	0,0	28,6	11,8	26,0	8,7	0,0	0,0
Coidado familiar	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Pensionista/con invalidez	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0

Enxeñaría Agraria > Enxeñaría Forestal

	Enxeñaría Agraria	Enxeñaría da Enerxía	Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	Enxeñaría Eléctrica	Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	Enxeñaría en Organización Industrial	Enxeñaría en Química Industrial	Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	Enxeñaría Forestal
Emprego na empresa privada	40,0	60,0	72,4	83,3	75,0	69,6	90,9	50,0	52,9	54,5
Emprego no sector público	20,0	20,0	6,9	0,0	0,0	8,7	0,0	0,0	5,9	18,2
Autoemprego	20,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	9,1
Empresario/a	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Estuda e traballa	20,0	6,7	10,3	16,7	0,0	8,7	0,0	25,0	5,9	0,0
Oposita e traballa	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Baixa/excedencia laboral	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Desemprego	0,0	0,0	3,4	0,0	0,0	8,7	0,0	25,0	17,6	0,0
Só estuda	0,0	13,3	6,9	0,0	0,0	4,3	9,1	0,0	11,8	9,1
Só oposita	0,0	0,0	0,0	0,0	25,0	0,0	0,0	0,0	5,9	9,1
Coidado familiar	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Pensionista/con invalidez	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0

Enxeñaría Informática > Xeografía e Historia

	Enxeñaría Informática	Enxeñaría Mecánica	Estudos de Galego e Español	Fisioterapia	Linguas Estranxeiras	Publicidade e Relacións Públicas	Química	Relacións Laborais e Recursos Humanos	Traballo Social	Tradución e Interpretación	Turismo	Xeografía e Historia
Emprego na empresa privada	81,0	77,1	0,0	83,3	33,3	70,8	61,5	68,2	42,9	21,6	66,7	0,0
Emprego no sector público	14,3	5,7	100,0	8,3	11,1	0,0	0,0	13,6	21,4	8,1	16,7	25,0
Autoemprego	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	4,2	0,0	4,5	7,1	18,9	0,0	0,0
Empresario/a	4,8	0,0	0,0	0,0	0,0	4,2	0,0	4,5	0,0	0,0	0,0	0,0
Estuda e traballa	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	4,2	7,7	0,0	7,1	0,0	0,0	0,0
Oposita e traballa	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	7,7	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Baixa/excedencia laboral	0,0	0,0	0,0	8,3	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Desemprego	0,0	8,6	0,0	0,0	11,1	12,5	7,7	9,1	7,1	13,5	8,3	0,0
Só estuda	0,0	5,7	0,0	0,0	33,3	4,2	7,7	0,0	7,1	18,9	8,3	0,0
Só oposita	0,0	2,9	0,0	0,0	11,1	0,0	0,0	0,0	7,1	18,9	0,0	50,0
Coidado familiar	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	7,7	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Pensionista/con invalidez	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	25,0

Anexo 7: Situación socio-laboral actual segundo os estudos grao realizados por SEXO

	Desemprego		Emprego		Inactividade	
	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller
Administración e Dirección de Empresas	11,1	8,3	77,8	87,5	11,1	4,2
Belas Artes	0,0	35,0	50,0	45,0	50,0	20,0
Bioloxía	16,7	18,2	66,7	45,5	16,7	36,4
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	0,0	0,0	0,0	75,0	100,0	25,0
Ciencias Ambientais	25,0	0,0	50,0	71,4	25,0	28,6
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	0,0	0,0	90,0	100,0	10,0	0,0
Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	50,0	50,0	50,0	0,0	0,0	50,0
Ciencias do Mar	14,3	33,3	57,1	50,0	28,6	16,7
Comercio	0,0	0,0	50,0	85,7	50,0	14,3
Comunicación Audiovisual	0,0	16,7	60,0	83,3	40,0	0,0
Dereito	0,0	7,7	57,1	38,5	42,9	53,8
Dirección e Xestión Pública	0,0	0,0	66,7	100,0	33,3	0,0
Economía	0,0	0,0	71,4	42,9	28,6	57,1
Educación Infantil	0,0	22,4	50,0	65,3	50,0	12,2
Educación Primaria	25,0	8,8	50,0	58,8	25,0	32,4
Educación Social	40,0	27,8	60,0	55,6	0,0	16,7
Enfermería	0,0	0,0	88,9	100,0	11,1	0,0
Enxeñaría Aeroespacial	0,0	0,0	90,0	100,0	10,0	0,0
Enxeñaría Agraria	0,0	0,0	100,0	100,0	0,0	0,0
Enxeñaría da Enerxía	0,0	0,0	88,9	83,3	11,1	16,7
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	4,0	0,0	88,0	100,0	8,0	0,0
Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	0,0	0,0	100,0	100,0	0,0	0,0
Enxeñaría Eléctrica	0,0	0,0	66,7	100,0	33,3	0,0
Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	10,0	0,0	85,0	100,0	5,0	0,0
Enxeñaría en Organización Industrial	0,0	0,0	87,5	100,0	12,5	0,0
Enxeñaría en Química Industrial	50,0	0,0	50,0	100,0	0,0	0,0
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	33,3	0,0	44,4	87,5	22,2	12,5
Enxeñaría Forestal	0,0	0,0	85,7	75,0	14,3	25,0
Enxeñaría Informática	0,0	0,0	100,0	100,0	0,0	0,0
Enxeñaría Mecánica	10,3	0,0	82,8	83,3	6,9	16,7
Estudos de Galego e Español	-	0,0	-	100,0	-	0,0
Fisioterapia	0,0	0,0	100,0	100,0	0,0	0,0
Linguas Estranxeiras	0,0	12,5	0,0	50,0	100,0	37,5
PCEO Administración e Dirección de Empresas / Dereito	0,0	0,0	75,0	55,6	25,0	44,4
PCEO Administración e Dirección de Empresas / Enxeñaría Informática	0,0	-	100,0	-	0,0	-
Publicidade e Relacións Públicas	20,0	10,5	80,0	84,2	0,0	5,3
Química	16,7	0,0	83,3	71,4	0,0	28,6
Relacións Laborais e Recursos Humanos	14,3	6,7	85,7	93,3	0,0	0,0
Traballo Social	0,0	8,3	50,0	83,3	50,0	8,3
Tradución e Interpretación	20,0	12,5	60,0	46,9	20,0	40,6
Turismo	50,0	0,0	50,0	90,0	0,0	10,0
Xeografía e Historia	0,0	-	25,0	-	75,0	-



## Anexo 8: Situación socio-laboral segundo os estudos grao realizados por sexo

## Home

	Emprego na empresa privada	Emprego no sector público	Autoemprego	Empresario	Estuda e traballa	Oposita e traballa	Baixa/excedencia	Desemprego	Só estuda	Só oposita	Pensionista
Administración e Dirección de Empresas	61,1	5,6	5,6	0,0	5,6	0,0	0,0	11,1	5,6	5,6	0,0
Belas Artes	16,7	33,3	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	16,7	16,7	16,7
Biloxía	50,0	0,0	0,0	0,0	16,7	0,0	0,0	16,7	16,7	0,0	0,0
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0
Ciencias Ambientais	50,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	25,0	0,0	25,0	0,0
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	50,0	10,0	20,0	0,0	10,0	0,0	0,0	0,0	0,0	10,0	0,0
Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	50,0	0,0	50,0	0,0	0,0	0,0
Ciencias do Mar	57,1	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	14,3	28,6	0,0	0,0
Comercio	50,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	25,0	25,0	0,0
Comunicación Audiovisual	40,0	0,0	20,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	20,0	20,0	0,0
Dereito	42,9	0,0	0,0	0,0	14,3	0,0	0,0	0,0	0,0	42,9	0,0
Dirección e Xestión Pública	0,0	33,3	33,3	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	33,3	0,0	0,0
Economía	57,1	14,3	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	14,3	14,3	0,0
Educación Infantil	0,0	50,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	50,0	0,0
Educación Primaria	25,0	6,3	6,3	0,0	12,5	0,0	0,0	25,0	0,0	25,0	0,0
Educación Social	60,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	40,0	0,0	0,0	0,0
Enfermaría	33,3	55,6	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	11,1	0,0	0,0
Enxeñaría Aeroespacial	80,0	0,0	0,0	0,0	10,0	0,0	0,0	0,0	10,0	0,0	0,0
Enxeñaría Agraria	50,0	0,0	50,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Enxeñaría da Enerxía	66,7	22,2	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	11,1	0,0	0,0
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	68,0	8,0	0,0	0,0	12,0	0,0	0,0	4,0	8,0	0,0	0,0
Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	80,0	0,0	0,0	0,0	20,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Enxeñaría Eléctrica	66,7	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	33,3	0,0
Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	65,0	10,0	0,0	0,0	10,0	0,0	0,0	10,0	5,0	0,0	0,0
Enxeñaría en Organización Industrial	87,5	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	12,5	0,0	0,0
Enxeñaría en Química Industrial	0,0	0,0	0,0	0,0	50,0	0,0	0,0	50,0	0,0	0,0	0,0
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	33,3	11,1	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	33,3	11,1	11,1	0,0
Enxeñaría Forestal	42,9	28,6	14,3	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	14,3	0,0	0,0
Enxeñaría Informática	80,0	13,3	0,0	6,7	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Enxeñaría Mecánica	75,9	6,9	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	10,3	3,4	3,4	0,0
Fisioterapia	60,0	20,0	0,0	0,0	0,0	0,0	20,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Linguas Estranxeiras	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0
PCEO Administración e Dirección de Empresas / Dereito	75,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	25,0	0,0
PCEO Administración e Dirección de Empresas / Enxeñaría Informática	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Publicidade e Relacións Públicas	60,0	0,0	20,0	0,0	0,0	0,0	0,0	20,0	0,0	0,0	0,0
Química	66,7	0,0	0,0	0,0	0,0	16,7	0,0	16,7	0,0	0,0	0,0
Relacións Laborais e Recursos Humanos	42,9	28,6	0,0	14,3	0,0	0,0	0,0	14,3	0,0	0,0	0,0
Traballo Social	0,0	0,0	0,0	0,0	50,0	0,0	0,0	0,0	0,0	50,0	0,0

**Observatorio de Persoas Tituladas | Consello Social**

Tradución e Interpretación	40,0	20,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	20,0	20,0	0,0	0,0
Turismo	50,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	50,0	0,0	0,0	0,0
Xeografía e Historia	0,0	25,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	50,0	25,0

**Muller**

	Emprego na empresa privada	Emprego no sector público	Autoemprego	Empresaria	Estuda e traballa	Oposita e traballa	Baixa/excedencia	Desemprego	Só estuda	Só oposita	Coidado familiar
Administración e Dirección de Empresas	83,3	0,0	0,0	0,0	0,0	4,2	0,0	8,3	0,0	4,2	0,0
Belas Artes	30,0	5,0	0,0	0,0	5,0	0,0	5,0	35,0	15,0	5,0	0,0
Bioloxía	36,4	9,1	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	18,2	36,4	0,0	0,0
